



TÍTULO

O CONFLITO CAPITAL – VIDA NO RURAL GALEGO
ESTRAXIAS AGROECOLÓXICAS E PERSPECTIVAS FEMINISTAS

AUTORA

Almudena Fiunte Blanco

	Esta edición electrónica ha sido realizada en 2024
Tutora	Dra. D ^a . Marta María Soler Montiel
Institución	Universidad Internacional de Andalucía
Curso	<i>Máster Oficial en Agroecología: un Enfoque para la Sustentabilidad Rural (2022/23)</i>
©	Almudena Fiunte Blanco
©	De esta edición: Universidad Internacional de Andalucía
Fecha documento	2023



**Atribución-NoComercial-SinDerivadas
4.0 Internacional (CC BY-NC-ND 4.0)**

Para más información:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.en>

**O CONFLITO CAPITAL – VIDA NO RURAL
GALEGO: ESTRAXIAS AGROECOLÓXICAS E
PERSPECTIVAS FEMINISTAS**



Máster en Agroecología: Un enfoque para la sustentabilidad rural

Curso 2022/2023

AUTORÍA:

Almudena Fiunte Blanco

TUTORÍA:

Marta María Soler Montiel

O CONFLITO CAPITAL – VIDA NO RURAL GALEGO: ESTRAXIAS AGROECOLÓXICAS E PERSPECTIVAS FEMINISTAS

AUTORA: ALMUDENA FIUNTE BLANCO

TITORA: MARTA MARÍA SOLER MONTIEL

RESUMO

O presente traballo sitúanos na multicrise na que nos instaurou a era do Capitaloceno, fundamentada na acumulación de capital en aras dun desenvolvemento sen fin, que destrúe o medio, esgota os recursos, xera desigualdades e coloniza os corpos e á terra. Serán diseccionadas as interseccións do conflito capital-vida, a través da análise de seis casos de estudo que desenvolven estratexias multifuncionais e agroecolóxicas na Galiza. Preténdese dar conta da vulnerabilidade da vida, unha condición que só se pode resolver a través da comprensión da ecodependencia e a interdependencia radical da natureza. Pero tamén, permitíranos desprezar unha mellor comprensión sobre as alternativas, a través das resistencias que se están a tecer dende as marxes do rural galego. Así mesmo, como a vulnerabilidade non afecta a todes por igual, os seis casos de estudo presentan a realidade de persoas do espectro feminino e identidades non binarias, invisibilizadas nas diagnoses e nas alternativas até o de agora. Por elo, confórmanse aquí como es suxeites activos deste estudo, aportando dende a responsabilidade colectiva as condicións precisas para o bo vivir.

PALABRAS CHAVE

Conflito capital – vida, ecodependencia, interdependencia, estratexias multifuncionais, agroecoloxía feminista.

ABSTRACT

The present work situates us in the multi-crisis brought about by the era of the Capitalocene, grounded in the endless accumulation of capital, which destroys the environment, depletes resources, generates inequalities, and colonizes both bodies and land. We will dissect the intersections of the conflict between capital and life through the analysis of six case studies that develop multifunctional and agroecological

strategies in Galicia. The aim is to account for the vulnerability of life, a condition that can only be addressed by understanding the eco-dependence and radical interdependence of nature. However, it will also enable us to gain a better understanding of alternatives through the resistances emerging from the margins of rural Galicia. Furthermore, as vulnerability does not affect everyone equally, the six case studies portray the reality of individuals from the feminine spectrum and non-binary identities, who have been rendered invisible in diagnoses and alternatives until now. Therefore, they are established here as active subjects of this study, contributing from a place of collective responsibility to the necessary conditions for a good life.

KEY WORDS

Capital – life conflict, ecodependence, interdependence, multifunctional strategies, feminist agroecology.

ÍNDICE

1. Introducción.....	2
2. Obxectivos.....	3
3. Metodoloxía.....	4
3.1 Fase de aproximación.....	4
3.2 Traballo de campo.....	5
3.3 Casos de estudo.....	9
4. Marco teórico: Capitaloceno e conflito capital – vida.....	12
4.1 Ecodependencia.....	17
4.2 Articulando respostas ó conflito capital – vida.....	20
4.2.1 Lóxica labrega e agroecoloxía.....	20
4.2.2 Identidades e interdependencia.....	23
5. Resultados e discusión da investigación.....	26
5.1 A transformación do rural galego.....	26
5.2 Organización e estratexias agroecolóxicas no rural galego.....	35
5.2.1 Localización dos casos de estudo.....	35
5.2.2 Ano de constitución dos casos de estudo.....	36
5.2.3 Historia dos casos de estudo.....	37
5.2.4 Titularidade e formas de acceso á propiedade.....	40
5.2.5 Actividades que desenvolven os casos de estudo.....	41
5.2.6 Canles de comercialización dos casos de estudo.....	45
5.2.7 Persoas participantes e relacións de xénero nos casos de estudo.....	45
5.2.8 Organización dos casos de estudo.....	49
5.3 Materialización do conflito capital – vida nos casos de estudo.....	51
5.3.1 Materialización do conflito capital – vida: produción agroecolóxica....	51
5.3.1.1 Despoboamento e dispersión territorial.....	51
5.3.1.2 Privatización, acaparamento e acceso á terra.....	53
5.3.1.3 Intensificación agrogandeira – empresarial no rural galego....	55
5.3.1.4 As políticas agrarias como problema para o rural galego	
agroecolóxico.....	57
5.3.1.5 As variables de xénero.....	58
5.3.2 Materialización do conflito capital – vida: xestión e dinamización do	
monte.....	59

5.3.2.1 Reforestación e sector madeireiro.....	59
5.3.2.2 Megaproxectos eólicos.....	63
5.3.2.3 O capital contra a vida.....	69
5.4. Estratexias multifuncionais dos casos de estudo.....	71
5.5 Liñas futuras.....	76
6. Conclusións.....	79
Referencias.....	81
Anexos.....	87

ÍNDICE DE TÁBOAS, FIGURAS E ILUSTRACIÓN

Táboas:

Táboa 1. Caracterización dos casos de estudo.....	10
Táboa 2. CMVMC por provincias e superficie	29
Táboa 3. Ano de constitución dos casos de estudo.....	36
Táboa 4: Titularidade e formas de acceso á propiedade dos casos de estudo	40
Táboa 5: Actividades que desenvolven os casos de estudo.....	42
Táboa 6: Persoas participantes dos casos de estudo	46

Figuras:

Figura 1: O modelo tradicional sustentable	33
Figura 2: O modelo industrial insustentable	34

Ilustracións:

Ilustración 1: Localización dos casos de estudo	35
---	----

ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo I: Guións das entrevistas por tipoloxías de caso de estudo.....	87
Anexo II: Consentimento para o tratamento de datos.....	89
Anexo III: Fichas técnicas de caracterización dos diferentes casos de estudo.....	91

1. INTRODUCCIÓN

A intención do presente traballo fin de mestrado é a análise, a través de seis casos de estudo, de estratexias e accións singulares que combaten ó conflito capital – vida na Galiza, e que son desenvolvidas por persoas do espectro feminino e identidades non binarias, intentando contribuír así á construción dun novo diagnóstico da situación. Pretende conformar unha primeira aproximación a unha realidade complexa e dispersa, á vez que analizar as capacidades de transformacións que se están a producir no territorio. Para elo partimos da realidade da crise actual, asumindo a necesidade de establecer unhas liñas de futuro sustentables, nas que se restableza unha conexión entre o mundo rural e a comunidade. Indagando así no resultado da acción social de seis casos de estudo que conforman diferentes axentes, persoas do espectro feminino e identidades non binarias, que resolven a xestión dos recursos dispoñibles, nutrindo ó estudo e á diagnose de outras formas de facer.

Dende o conflito capital – vida formulado por Pérez Orozco (2019) partimos do suposto de que a vida é vulnerable e precaria e que esa condición humana hai que resolvela en común, en interdependencia, dende a responsabilidade colectiva para establecer as condicións precisas para o *bo vivir*. Enfrontámonos a un paradigma, á idea de que o desenvolvemento e o progreso están fundamentados na acumulación de capital e na comercialización da economía. Esta idea, acompañada dunha concomitante destrución medioambiental, esgotamento de recursos, pobreza e desigualdades, está baseada na condición necesaria permanente do crecemento capitalista: a colonización dos corpos e da terra. Seguindo a Federici et al. (2022) sen corpos nin terras que explotar, detense a acumulación de capital e a obtención de beneficio económico. Polo tanto, non é casualidade que as persoas do espectro feminino e as identidades non binarias sexan as grandes prexudicadas dos procesos de expansión da acumulación do capital. Mediante un proceso de apropiación por desposuimento, a alianza entre heteropatriarcado e capitalismo continúa afianzando a desigualdade e ameazando a vida na terra. Así, o sinistro paralelismo entre a violencia contra as persoas do espectro feminino e identidades non binarias, o rural e a natureza segue hoxe vixente, permitindo “ó Norte dominar ó Sur, ó urbano dominar ó agro, ós homes dominar ás mulleres, e o frenético saqueo de cada vez máis recursos para unha

economía cada vez máis desigualmente distribuída que domina á natureza” (Mies e Shiva, 2014, p. 2).

Dende a crise multidimensional que estamos a vivir (ecolóxica, económica, de reprodución social e coidados), situámonos no territorio galego para dar conta de que os vellos paradigmas da revolución verde global e o vello paradigma galego do atraso xa non son recoñecibles mais seguen a formar parte de diagnósticos e políticas. A situación do rural galego precisa ser estudada de novo para poder someter a debate novas propostas que permitan reafirmar e rectificar as dinámicas que hoxe existen nel. Neste sentido, dende a agroecoloxía feminista centramos a atención nas persoas do espectro feminino e identidades non binarias que viven e traballan no rural, aqueles que sofren de xeito directo as problemáticas que xiran en torno á xestión do territorio e da ocupación do mesmo, mais debemos partir da heteroxeneidade de modelos e axentes que conforman o rural, por elo, no presente traballo, centrarémonos en seis casos de estudo que conforman outros xeitos de facer, de novos ámbitos de manexo dos agroecosistemas. Son elas que seguen estratexias multifuncionais que están sendo desenvolvidas na práctica, coñecelas e identificalas é para este traballo un obxectivo central.

Nesta liña, as diferentes experiencias que se van a analizar e presentar ó longo de dito traballo, son a vía para reproducir local e endoxenamente, experiencias nas que as persoas de espectro feminino e as identidades non binarias labregas son suxeitos fundamentais nun cambio que deixe atrás os modelos heteropatriarcais e capitalistas actuais e achegar, da man do ecofeminismo en loita, verdadeiras solucións á crise sistémica actual. Por elo, consideramos importante situar dende onde se mira e enfoca dito traballo, así recorreremos á agroecoloxía labrega dende o enfoque queer e da economía feminista. Resulta de especial relevancia situarnos dende ditos enfoques para dar visibilidade ás aportacións feministas e queer dentro das análises agroecolóxicas, xa que como dixemos, para rachar cos modelos heteropatriarcais e capitalistas precísase un cambio urxente no paradigma dominante, asumindo os postulados tanto da economía feminista como dos trans-ecofeminismos queer, que poñen a centralidade no coidado da vida e dos corpos subalternos.

O presente traballo está organizado en 6 capítulos. No primeiro capítulo farase unha breve introdución ó mesmo, no segundo capítulo realízase unha presentación dos obxectivos formulados, tanto xerais como específicos. A continuación (terceiro capítulo) preséntase a metodoloxía a seguir en dito traballo. O capítulo catro corresponde ó marco teórico, onde se realiza un percorrido polo conflito capital – vida, abordando termos como a ecodependencia e a interdependencia. No capítulo cinco preséntanse os resultados da investigación, facendo primeiro un percorrido polo contexto e a caracterización dos seis casos de estudo, para elo, presentamos como suxeites actives, a persoas do espectro feminino e a identidades non binarias que ata agora foron invisibilizadas nos diagnósticos e nas alternativas; para posteriormente identificar e analizar a materialización do conflito capital – vida en torno á produción agroecolóxica e a xestión e dinamización do monte. A continuación presentaranse e analizaranse as estratexias multifuncionais que seguen os diferentes casos de estudo para combater o conflito capital – vida, para finalmente identificar as futuras liñas de acción.

2. OBXECTIVOS

O **obxectivo xeral** do presente traballo é presentar a realidade diversa do rural galego, a través de seis estudos de caso, que desenvolven estratexias e accións singulares para combater ó conflito capital – vida, focalizando a atención nas Mancomunidades de Montes (a partir de agora referidas como CMVMC), proxectos agroecolóxicos e o activismo pola defensa da terra, e que son desenvolvidas por persoas do espectro feminino e identidades non binarias, intentando contribuír así á construción dun novo diagnóstico da situación.

Dito obxectivo concrétase nos seguintes **obxectivos específicos**:

1. Identificar, caracterizar e analizar estratexias multifuncionais que están sendo desenvolvidas na práctica, a través de CMVMC, proxectos agroecolóxicos e /ou activismo pola defensa da terra.
2. Describir e analizar o perfil e papel das persoas e comunidades actoras que participan de formas de xestión que combaten ó conflito capital – vida en clave de xénero.

3. Analizar como se materializa o conflito capital – vida na xestión e dinamización do rural galego, a través das CMVMC, proxectos agroecolóxicos e /ou activismo pola defensa da terra.
4. Visibilizar as debilidades que atravesan ditas estratexias así como as potencialidades das mesma como alternativa ó conflito capital – vida.

3. METODOLOXÍA

A continuación, detállanse as diferentes fases que se seguiron para a elaboración do presente traballo, así como os métodos de análise empregados en cada unha.

3.1 FASE DE APROXIMACIÓN

Esta fase corresponde coa preparación do traballo de campo, para elo realizouse unha revisión bibliográfica así como a preparación do deseño metodolóxico. Isto permitiu a delimitación da área de traballo e a formulación dos obxectivos a acadar con dito traballo.

En base a isto, a revisión bibliográfica foi realizada en torno ó conflito capital – vida, centrándonos, así mesmo, nas liñas teóricas entorno á ecodependencia e a interdependencia. Ó esclarecer o marco teórico do que partir, afondouse dita revisión no caso de estudo que nos atinxe: o rural Galego, para esclarecer as problemáticas actuais do mesmo ó redor do conflito capital-vida, así como para identificar experiencias que aportan estratexias de resistencia a través das CMVMC, proxectos agroecolóxicos e o activismo pola defensa da terra. Debemos sinalar neste punto, que a revisión bibliográfica continuou durante a fase de traballo de campo, para actualizar e/ou redefinir o marco teórico e o caso de estudo, adaptando a investigación en base ás estratexias analizadas.

A fase de aproximación é unha viaxe de ida e volta, orientando a mirada na primeira fase para definir o proxecto, a súa temática, as relacións e axentes a coñecer. Para que unha vez realizado o traballo de campo e escoitado o que aportan es axentes clave, poder comprender e conectar dito marco teórico coas experiencias reais do que está a acontecer no territorio. Un proceso que posibilita o diálogo entre as persoas que foron escoitadas e es autores que foron lides, para posteriormente a través da análise, triangular as voces des axentes clave, as lecturas teóricas e outras fontes de investigación.

3.2 TRABALLO DE CAMPO

Para iniciar a fase de traballo de campo, partimos da metodoloxía cualitativa como método a seguir para desenvolver o presente traballo. Escollemos a metodoloxía por varias cuestións, a primeira é o entendemento de que toda investigación debe contar coas persoas e entidades involucradas como suxeites actives de dito proceso, por este motivo, unha das premisas era a participación des mesmas, mais debido ás limitacións temporais do proceso, á dispersión dos casos de estudo e á falta de conexión previa entre es mesmas, así como a que o presente traballo conforma unha primeira aproximación a unha realidade complexa e dispersa, en lugar de decantarnos pola metodoloxía da Investigación Acción Participativa, recorreremos á metodoloxía cualitativa. Seguindo a Conde (2010) confórmase como unha metodoloxía que aporta unha imaxe dinámica e procesual construída tamén poles actores sociais. A través da participación de dites actores, conseguimos que se conformen como suxeites do estudo actuando e interpretando o territorio, posibilitando a obtención de datos para identificar e analizar as accións e relacións des actores implicades na temática e no contexto de estudo.

○ **Identificación e selección dos casos de estudo**

A intencionalidade inicial de dito traballo é a de presentar unha aproximación ás estratexias e actores que combaten ó conflito capital – vida no territorio galego, centrándonos na visibilidade das persoas de espectro feminino e identidades non binarias.

Nesta liña, procedeuse a elaborar unha listaxe provisional da os casos de estudo, esta listaxe xorde da fase de aproximación previa ó traballo de campo, na que se realizou unha revisión bibliográfica así como un pequeno mapeado de posibles casos de estudo. Unha vez finalizado o mapeado, procedeuse a investigar ditas experiencias, a través de material web e publicacións das mesmas, para finalmente seleccionar aquelas que correspondían ós criterios de selección dos casos de estudo.

Ditos criterios foron elaborados durante a fase de aproximación, así como redefinidos durante todo o proceso de traballo de campo para a maior aproximación ós obxectivos do presente traballo. Estes criterios foron os seguintes:

1. Ser unha persoa do espectro feminino ou identidade non binaria.
2. Desenvolver accións, estratexias ou proxectos que combatan ó conflito capital -vida a través da materialización de disciplinas como as feministas, ecoloxistas, decrecentistas ou/e agroecolóxicas.
3. Pertencer a unha CMVMC, proxecto agroecolóxico ou ó activismo pola defensa da terra.
4. Procurar o establecemento de redes de apoio mutuo entre es diferentes axentes territoriais *de base*.

Así mesmo, no contexto de dito estudo as dificultades para a selección da os casos de estudo son palpables, tanto pola amplitude da mesma como pola súa invisibilidade no discurso hexemónico, por dito motivo escollemos o emprego do método *bola de neve* para garantir o alcance da maior representatividade posible. Dito método baséase nas referencias des suxeites iniciais que son entrevistades e que comparten posibles suxeites adicionais para a participación na investigación. O método “é efectivo en comunidades pequenas onde case todos os usuarios teñen aproximadamente a mesma posibilidade de ser nomeados” (Manin e Oña, 2017), neste sentido, posibilita contactar con axentes ocultos e recompilar datos primarios.

Os seis casos de estudo seleccionados van a permitir alcanzar os obxectivos específicos do presente traballo, visibilizando a persoas e experiencias concretas que conforman a realidade do rural galego. Estas experiencias e persoas son presentadas no apartado 3.3 *Casos de estudo*. Mais é preciso citar, que son moitas as persoas e experiencias que quedaron no camiño, polo que se pretende realizar un primeiro achegamento, que xermine como semente para continuar coa diagnose doutros xeitos de ser e actuar contra o conflito capital – vida.

- **Métodos de investigación**

O instrumento escollido para levar a cabo a recollida de información foron as entrevistas individuais e semiestruturadas, por consideralas como as técnicas que mellor se poden adaptar á presente investigación de carácter cualitativo. As entrevistas a deseñar podemos definilas como focalizadas seguindo a Valles e Puig (2008) por ser un prototipo de

entrevista semiestructurada e cualitativas xa que se dirixen á obtención de fontes cognitivas e emocionais das reaccións das persoas entrevistadas sobre un suceso. Seguindo a Merton, Fiske e Kendall (citado en Valles e Puig, 2008), o obxectivo é tratar ás persoas entrevistadas como suxeitos des que as respostas ó suceso é o material a estudar, máis que como persoas que informan do suceso mesmo. Así mesmo é semiestructurada posto que ten unha “estrutura previamente establecida mais a persoa que está respondendo ten liberdade tanto para responder como para engadir información adicional co fin de aclarar conceptos ou obter información sobre un tema” (Sampieri et al., 2008).

Unha vez seleccionado o método de estudo, elaborouse unha batería de preguntas inicial para as diferentes tipoloxías dos casos de estudo. Posteriormente procedeuse a contactar cos dos casos de estudo vía correo electrónico, presentando dito traballo así como realizando un convite a participar no mesmo. Despois de varios días de agarda recibírase soamente resposta dun dos caso de estudo, por este motivo, procedeuse a buscar outras formas de contacto, conseguindo finalmente o contacto telefónico dos casos de estudo e podendo concretar con estes unha data para a elaboración das entrevistas. Este proceso estivo marcado polo acompañamento de todas as persoas participantes, aportando información relevante dos propios casos de estudo, así como contactos de outras persoas que podían corresponder ós criterios de selección de os casos de estudo.

Posteriormente, realizouse unha aproximación máis afondo dos casos de estudo seleccionados grazas ós materias aportados por estes, isto posibilitou enfocar e definir as preguntas das entrevistas para os diferentes dos casos de estudo. Unha vez definidas as preguntas a realizar durante as entrevistas, enviadas previamente a cada caso de estudo para que puidesen aproximarse máis á investigación, e trala estipulación das datas concretas para a realización das mesmas, procedeuse a iniciar a fase de entrevistas.

Os guións das entrevistas preséntanse por tipoloxía de casos de estudo, estes guións inclúense no Anexo I.

Nun primeiro momento, as entrevistas foron enfocadas para realizar en persoa, por considerar a presencialidade unha facilitadora da comunicación. Pola contra, as persoas a entrevistar propuxeron a realización de entrevistas de forma telemática para poder

participar no traballo, debido a que os seus tempos non permitían nin un desprazamento nin unha acollida nestes momentos. Realizáronse seis entrevistas, unha por caso de estudo, estas desenvolvéronse pola plataforma jitsi e a súa duración dependeu da experiencia a entrevistar, mais nunca nun tempo inferior a unha hora nin superior a dúas horas. Estas entrevistas foron gravadas, con previo consentimento, para facilitar a recollida de información e que non quedase nada no esquecemento. Nesta investigación, e seguindo a Manin e Oña (2017), a persoa entrevistadora decantouse por unha postura horizontal e de non liderazgo, empregando métodos de investigación a fondo (emprego de silencios, repetición da última frase respondida, etc.) para conseguir unha información con maior profundidade.

- **Transcripción, codificación e análise**

Trala realización das entrevistas a través das cales se obtiveron os datos cualitativos aportados polas persoas chaves da investigación, procedeuse ó tratamento da información acadada. Para elo, previamente elaborouse un documento para o consentimento do tratamento de datos e información, este foi enviado e firmado por todas as persoas que realizaron as entrevistas, para respectar o anonimato das persoas entrevistadas non se incluírán os documentos firmados, mais si un exemplo dos mesmos sen datos persoais. (Anexo II). Entre outra información, neste documento permitíase que as entrevistas fosen gravadas para a súa posterior transcripción, isto resultou de gran relevancia, xa que permitiu poder transcribir todas as entrevistas de xeito literal, sen perder ningún matiz nin aportación. Así mesmo, durante as entrevistas realizáronse anotacións nun caderno de campo.

As gravacións das entrevistas foron subidas a unha plataforma en liña, para asegurar que estas non se perdesen. Posteriormente procedeuse a súa transcripción literal nun procesador de texto, mantendo repeticións de palabras, frases inacabadas, palabras “malsoantes” e etc., unha vez transcritas todas as entrevistas e sumadas as anotacións do caderno de campo procedeuse á súa codificación.

Como primeira fase de codificación, as persoas entrevistadas foron clasificadas atendendo á tipoloxía da experiencia da que formaban parte, e dicir, Mancomunidad de Montes,

Proxecto agroecolóxico e/ou activismo pola defensa da terra. Unha vez clasificadas, procedeuse a unificar e analizar os datos segundo a tipoloxía da que formaban parte así como dos criterios de selección establecidos para os casos de estudo. Isto posibilitou estruturar a investigación en torno a varios eixos para a posterior análise:

- Caracterización dos casos de estudo
- Materialización do conflito capital – vida nos casos de estudo
- Estratexias multifuncionais que seguen os casos de estudo para combater o conflito capital – vida

Durante a fase de análise, mantívose o contacto cos diferentes casos de estudo a través de mensaxe ou chamadas telefónicas para completar ou aclarar información. A fase de análise de datos, redacción e revisión bibliográfica foron complementándose entre elas, sendo preciso avanzar e retroceder na investigación para a comprensión da realidade estudada.

3.3 CASOS DE ESTUDO

No presente apartado realizamos unha caracterización dos casos de estudo seleccionados. Para elo, elaboráronse fichas técnicas que caracterizan os casos de estudo que participan na investigación (Anexo III). Os casos de estudo serán presentados atendendo a súa tipoloxía, ano de creación, figura xurídica, titularidade, actividade/s que desenvolven e localización.

○ **Tipoloxía, ano de creación, figura xurídica e titularidade**

Tipoloxía	Nome	Ano de creación	Figura xurídica	Titularidade compartida
CMVMC	CMVMC de Víncios	1984	CMVMC	Si
	CMVMC de Foxo de Vilar	1981	CMVMC	Si
Proxecto Agrocolóxico (P.A)	Amarelante	2013	Cooperativa	Si
	Burbullas de Sol	2014	Autónomas	Si
	Ribeiregas	2011	Cooperativa	Si
Activismo pola defensa da terra (A.P.D.T)	Monfero Di Non	2021	Plataforma Veciñal	Si

*Táboa 1. Caracterización dos casos de estudo
Fonte: Elaboración propia*

Como observamos, segundo os datos representados na *Táboa 1. Caracterización dos casos de estudo*, os casos de estudo analizados no presente traballo, divídense en tres tipoloxías diferentes. Por unha banda, as CMVMC analizadas foron a de Vincios e a de Foxo de Vilar; os proxectos agrocolóxicos foron Amarelante, Burbullas de Sol e Ribeiregas; no caso do activismo pola defensa da terra, analizamos a Plataforma veciñal Monfero Di Non.

Ademais dos criterios de selección, ditos casos de estudo foron seleccionados por máis motivos. No caso das CMVMC, como xa dixemos, estas constitúen unha forma de xestión colectiva do territorio moi relevante dende o punto de vista da participación cidadá. Nesta liña, a súa traxectoria e importancia no imaxinario colectivo galego constitúen unha

ferramenta moi importante para xerar novas formas de xestión do territorio dende a comunidade, así é esta a que identifica e toma as decisións á hora de desenvolver estratexias multifuncionais que escapen das lóxicas curtopracistas e de rendibilidade que se están a propoñer dende a institución. Así mesmo, a través do proceso de investigación puidemos constatar a forte masculinización das CMVMC, por elo, son tamén obxecto de estudo, para identificar as causas e ollar outros presentes e futuros posibles.

No caso dos proxectos agrocolóxicos, estes foron seleccionados como casos de estudo tamén por varios motivos. O primeiro deles, veu motivado pola necesidade dun cambio no paradigma dominante da agroindustria, no que o risco da seguridade alimentaria sexa transformado pola soberanía alimentaria, posibilitando unha alimentación saudable e culturalmente axeitada para as persoas. Por elo, seleccionáronse proxectos que localizasen os sistemas de alimentación, cunha xestión dos mesmos ecolóxica e sostible da súa produción, do territorio e da comunidade. Así mesmo, os tres casos de estudo que se corresponden con proxectos agrocolóxicos, foron seleccionados pola necesidade de visibilizar a persoas do espectro feminino e identidades non binarias dentro da agroecoloxía.

Nesta liña, Amarelante é un proxecto de recuperación de soutos en estado de abandono para a produción de castaña, traballando na recuperación e rexeneración dos mesmos, rachando así coa tendencia de monocultivo de eucalipto e pino no monte. Así mesmo, os seus sistemas de cultivo seguen as lóxicas da agroecoloxía, producindo endóxena e localmente. Unha das súas liñas teóricas e de acción é o ecofeminismo, por elo ó *“Nin a terra nin as mulleres somos territorio de conquista”* representa o seu quefacer.

Burbullas de Sol é unha horta formada por labregas galegas que apostan pola agroecoloxía como ferramenta para a conservación dos solos, do mantemento da biodiversidade e do monte, traballando por unha alimentación saudable tanto para a comunidade como para o entorno. Así mesmo, dan visibilidade a como a agroecoloxía pode ser un espazo feminista, conectando co papel que as persoas do espectro feminino tiveron e teñen na xestión da horta diversificada e de pequena escala.

Ribeiregas é un proxecto de alimentación sostible, mais tamén de plantación e recuperación de espazos para a produción alimentaria a pequena escala. Está formado por dúas persoas do espectro feminino que regresan e habitan unha zona de alta montaña abandonada, alí é onde nace Ribeiregas, volvendo á vida dos traballos comunitarios, rexenerando espazos de cultivos e defendendo o monte.

Ligado á defensa do monte, citamos á última tipoloxía seleccionada para o estudo, o activismo pola defensa da terra, neste caso analizamos Monfero Di Non, unha plataforma veciñal que xorde contra os macroproxectos eólicos proxectados en Monfero. Dita plataforma foi seleccionada polo conflito capital – vida contra o que loitan, e non tanto pola zona na que se sitúa, xa que, a proxección de macroproxectos eólicos abarca a meirande parte das zonas de monte galegas. Nesta liña, é imprescindible o papel de axentes como Monfero Di Non na defensa do territorio, a través tanto da presentación de alegacións a proxectos lesivos contra o medio ambiente, coma de accións para a mobilización e sensibilización da comunidade. Así mesmo, a selección de dita plataforma está marcada pola forte presenza de persoas do espectro feminino e identidades non binarias, a defensa da terra e o coidado tórnanse máis relevantes baixo o ollar feminino e non binario, por elo, moitas das persoas activas e con máis responsabilidades no activismo pola defensa da terra son *elis* e non *eles*.

4. MARCO TEÓRICO: CAPITALOCENO E CONFLITO CAPITAL – VIDA

Estamos en crise. Unha crise sistémica que ataca ó corpo como primeiro territorio e como acto político e soberano. Recobramos as aportacións das feministas comunitarias xinkas para reclamar a necesidade de asumirnos como corporalidades que somos e estamos no mundo, permitindo a autoconciencia e polo tanto, o situarnos nun lugar particular atravesado por un contexto. Isto posibilita identificar as dominacións e opresións que del emerxen para loitar contra o embate estrutural que atenta contra os corpos e a súa supervivencia. Como indica Diana Torres (2017), “os corpos son campos de batalla”.

E dende o corpo situamos a mirada para poder analizar a era da que formamos parte. En lugar de falar de Antropoceno, recorreremos seguindo a autoras como Braidotti e Vitali (2015) ou Haraway e Sbarbati (2020) ó termo Capitaloceno para dar conta da influencia

que o sistema económico-cultural ten na conformación da crise sistémica á que nos estamos a enfrentar. Consideramos que o termo Antropoceno queda insuficiente para dar resposta á emerxencia actual, xa que este fai referencia á crecente evidencia dos efectos transformadores das actividades humanas na terra, mais non contempla a especificidade relacionada co sistema capitalista, sistema que non se podería separar seguindo a Haraway e Sbarbati (2020) das prácticas tecnocientíficas, sen as cales non habería influencia antropoxénica, xa que a intervención humana no ambiente non se deu de forma casual nin desordenada, senón por medio da razón e a tecnoloxía de maneira estruturada, instrumental e institucionalmente, como por exemplo, na agroindustria.

O denominado por Haraway (1995) “patriarcado capitalista branco” (p. 58) foi perfilando os seus límites excluindo a corpos racializados, mulleres cis e trans, intersexuais, campesines, indíxenas, animais non humanos...; en definitiva, a todos aqueles corpos subalternos. Como é ben sabido, seguindo a Composto (2014) a forma de operar do capitalismo é a transformación dos procesos vivos en mercancías, así a natureza é reducida a recursos de produción do mesmo xeito que os corpos, en xeral, son reducidos a forza de traballo asalariado e, os subalternos en particular, a traballo invisibilizado. Materializando o conflito estrutural existente no sistema capitalista, onde o valor do capital prevalece mentres que a supervivencia e sustentabilidade da vida e da habitabilidade da terra están baixo ameaza. Nesta liña, a través dos casos de estudo analizados, daremos visibilidade ós conflitos que se materializan no rural galego, atravesados polo sistema capitalista e reducidos a recursos de produción, por elo citamos como os macroproxectos eólicos, a industria da celulosa e a agricultura intensiva, en aras de acadar o máximo beneficio destrúen o monte galego.

Partimos desta idea para introducir o conflito capital - vida exposto por Pérez Orozco (2019) e, recorreremos a Manuel Naredo (2006) e á economía ecolóxica para explicar como a “metáfora da produción” enmascara as interpretacións do mundo. Xerando esta unha falsa crenza na capacidade de producir riqueza como un proceso sen límite, mais un crecemento económico ilimitado non é posible nun planeta con recursos limitados. Segundo Pérez Orozco (2019) a economía é un subsistema dentro doutro subsistema, non é autosuficiente, senón que precisa de recursos, neste caso naturais, para continuar a súa actividade. Deste

xeito, a economía no modelo capitalista non xera nada novo, en lugar diso, extrae e transforma os materiais do planeta para a súa continuidade, unha continuidade que como dixemos, presenta límites ecolóxicos. A dependencia que o modelo capitalista ten sobre a natureza é o que denominan autoras como Yayo Herrero (2023) ecodependencia, da cal falaremos máis adiante.

A pesares da idea de autosuficiencia creada polo mesmo sistema, este non só depende dos recursos naturais, senón que o conflito capital-vida é ademais un conflito de carácter (neo)colonial. Citamos o mito da recuperación do retraso no desenvolvemento para dar conta da concepción lineal evolutiva da historia, segundo a cal algúns –concretamente, os homes en xeral e os homes brancos en particular, o Norte global e os centros– xa culminaron a evolución a través da acumulación. Es “Outres” –as mulleres, os corpos subalternos, o Sur global e as periferias– tamén poderán acadar esta culminación cun pouco máis de esforzo, educación e “desenvolvemento” (Mies e Shiva, 2014, p.124). André Gunder Frank e Samir Amir entre outros, partiron nos anos 70 de dito mito para demostrar que para que fose posible a “evolución” de determinados suxeitos e territorios, a condición sine qua foi a relación análoga entre o home e a natureza, entre homes e mulleres e, entre zonas urbanas e rurais. Seguindo a idea do desenvolvemento, María Mies e Vandana Shiva (2014) inciden na implicación que este tivo á hora de perpetuar os antigos vínculos coloniais na prolongación dun proxecto de creación de riqueza desde a perspectiva económica do patriarcado occidental moderno.

Dito proxecto de desenvolvemento, precisa un xiro na década de 1990 para poder continuar coa súa expansión, seguindo a Gustavo Esteva (1996) xurde un “novo ethos desarrollista, que sigue dúas direccións claramente distintas”. As direccións a pesares de ser opostas, están relacionadas, xa que para que o Norte global e as zonas urbanas e industriais redeseñen aquilo que quedou obsoleto (falamos de plantas nucleares, industria manufacturada, fábricas contaminantes ou praguicidas velenosos entre outros), no Sur global e nas zonas rurais o redeseñamento materialízase como vertedoiro dos desperdicios do Norte e zonas urbanas, así como a través do saqueo de recursos (falamos de residuos radioactivos e de plantas manufactureiras e contaminantes, entre outros). Observamos así que o Sur e o rural seguen a ser colonizados economicamente en nome da

modernización e o desenvolvemento. Na actualidade, dito redeseñamento enmascarado como *desenvolvemento sostible*, preséntase como “unha estratexia para soste o “desenvolvemento”, non para apoiar o florecemento e a permanencia dunha vida social e natural infinitamente diversa” (Gustavo Esteva, 1996). Nesta liña, o “desenvolvemento rural” é polarizado ó establecerse unha clara diferenciación entre os modelos de produción labregos dos industrializados, reflexando a dicotomía rural-urbano, e polo tanto, adscribindo ó modelo labrego adxectivos como tradicional, anticuado e non produtivo, mentres que ó modelo industrializado se adscriben a eficiencia e a modernidade.

Así mesmo, o conflito é tamén heteropatriarcal, nesta liña as persoas do espectro feminino, as identidades non binarias, as minorías étnicas e as periferias son afectadas seguindo a Alicia Puleo (2021) por dualismos opresivos. Antes de continuar cos dualismos opresivos, semella de especial importancia situar a escolla dos termos “*persoas do espectro feminino e identidades non binarias*” no presente traballo, recorrendo a eles como proposta dos transfeminismos queer co obxectivo de escapar ó sistema binarista sexo-xénero, entendendo como heteropatriarcal; polo tanto, a escolla de poñer o foco en persoas que escapan da cisheteronorma posibilita por un lado a identificación de opresións sistémicas e estruturais e por outro, visibiliza e pon no centro ás identidades que xeran realidades máis diversas e coidadosas co entorno e coa comunidade.

Seguindo cos dualismos opresivos, estes son analizados pola filosofía ecofeminista como “relacións de oposición vinculadas á organización social de sexo – xénero”, negando a dependencia con respecto ó elemento subordinado e instituíndo xerarquías de valor” (Puleo, 2005, p. 203). En efecto, recorrendo ás aportacións de Val Plumwood (citada en Cavana et al., 2004), os dualismos opresivos constitúense a través dunha serie de ferramentas tales como a hiperseparación, denegación, homoxeneización, incorporación e instrumentalización. Ditas ferramentas funcionan como dispositivos xerárquicos, a través da hiperseparación resáltanse as diferenzas negando a existencia de elementos compartidos. A denegación actúa caracterizando ó dominado como inferior e negando toda a dependencia con respecto ó mesmo. A través da homoxeneización négase a individualidade, a cal, “é unha calidade que depende do poder, nesta liña, dende unha perspectiva transfeminista, antiracista, anticapitalista e ecoloxista, podemos dicir que sexo, xénero,

clase, raza e especie, determinan quen pode ser recoñecida como individualidade e quen carece dela” (Puleo, 2005, p. 207) . A incorporación, é o proceso polo que o elemento subordinado é definido como posuidor de calidades que corresponden ós desexos e necesidades do “amo”. Finalmente, a través da instrumentalización o elemento subordinado é un medio para alcanzar os fins. Como exemplos de dualismos opresivos relevantes para o presente traballo citamos: *cultura/natureza*, *home/muller*, *mente/corpo*, *producción/reproducción* e *urbano/rural*, entre outros.

Para caracterizar con máis profundidade o conflito capital-vida, debullamos os dous vocábulos que conforman o conflito. Por unha banda temos *o capital*, imaxinado como un ente abstracto pero que se materializa no día a día das nosas vidas, facemos referencia ó Capitaloceno, a esa era na que os mercados e a acumulación de capital son o epicentro. Dito mercado, privilexia a suxeitos concretos que representan a máxima do sistema capitalista, seguindo a María José Campellín (citada en Pérez Orozco, 2019), falamos do BBVAh para referirnos ó suxeito branco, burgués, varón, adulto, con unha funcionalidade normativa e heterosexual. Mais para que o BBVAh poida acadar ese espazo de autosuficiencia na esfera produtiva-pública, existe a esfera reprodutiva-privada que sostén *a vida*. Unha esfera sexuada e binaria, na que nesta ocasión o suxeito é *a muller*, construída en contraposición ó BBVAh polo mesmo sistema capitalista heteropatriarcal do que forma parte.

Ante a idea formulada, dende a perspectiva ecofeminista proponse ir máis alá das esferas produción – reprodución, rachando coa mirada androcéntrica do mercantil como referente, posibilitando así a descentralización do mercado para poder establecer como eixo de análise a sustentabilidade da vida. Neste sentido, seguindo a Pérez Orozco (2014), dito enfoque permite explorar dimensións económicas “de fronteira” escapando do monetario, xa que o que acontece nos fogares non é só a reprodución da man de obra que sostén ó sistema capitalista e o mercado, senón que é a sustentabilidade da vida, a vida que merece a pena ser vivida, e que non está a ser prioridade no Capitaloceno. As análises deben ir máis alá de como alcanzar un reparto equitativo entre persoas do espectro feminino e identidades non binarias e persoas do espectro masculino, no referente ó traballo, remunerado ou non remunerado. Senón identificar, seguindo a Antonella Pichio (2006), a interrelación entre os traballos de coidados feminizados, invisibilizados, negados e devaluados e os traballos

remunerados, masculinizados e visibles. Identificar isto, é tarefa fundamental para comprender que o sistema ó que facemos referencia, depende directamente da sustentabilidade da vida.

A partir disto, seguindo a Pérez Orozco (2019), precísase construír un sistema en referencia ao como e ó que; unha construción que combine a eco e a interdependencia para dar resposta á crise civilizatoria na que estamos inmerses. A autora fai referencia a que a vida que merece ser vivida non é sinónimo de consumo e mercado, e pode ser mellor con menos, apostando por saír da lóxica da acumulación. Non podemos seguir comprendendo a vida humana en escisión ó resto da vida do planeta, senón como parte dela e, neste sentido, débese recoñecer a eco-dependencia, facendo visibles os límites da biosfera, e máis aínda o feito de que xa foron excedidos. Ademais, formula a idea de que a vida que merece ser vivida ten que ser pensada dende a vulnerabilidade e a interdependencia, construíndo en termos de responsabilidade colectiva e democrática. Así, o bo vivir tería que emanar dunha epistemoloxía en rebeldía coas hexemonías, para rachar coa lóxica produtivista e de crecemento substituíndoa por unha lóxica de sustentabilidade multidimensional (ambiental, social, reprodutiva). Os casos de estudo a analizar no presente traballo, dan resposta a dita rebeldía, por unha banda saen da lóxica da acumulación apostando por desenvolver proxectos que coidan o medio, para elo, optan pola produción local, a plantación e conservación de especies autóctonas e a defensa do monte, entre outras accións, fronte as propostas curtopracistas dos macro proxectos industriais e a agroindustria. Por outra banda, recuperan formas de xestión comunais dende a democracia directa como son as CMVCM, ou a través da colectivización da dimensión de coidados.

4.1 ECODEPENDENCIA

No modelo de produción capitalista, existe un conflito estrutural entre a acumulación do capital e a sustentabilidade da vida. Xerando unha forte contradición entre o valor asignado ó capital e o valor asignado á sustentabilidade, no que o primeiro prevalece, mentres que o segundo está sempre baixo ameaza.

Non se pode negar que a industrialización, o progreso tecnolóxico, o estilo de vida dos países “desenvolvidos” e un crecemento económico ilimitado non é posible nun planeta con

recursos limitados. As ameazas son o deterioro da Terra (a desertizacións, a perda de terreos cultivables), a deforestación, o cambio climático e o quentamento do planeta. Así, por exemplo, os combustibles fósiles (petróleo, gas e carbón) dos que tanto depende a nosa sociedade están a esgotarse, barallando marxes de 30 anos para o seu esgotamento total. A produción nega a eco-dependencia, opoñendo a cultura e a creación de “civilización” fronte á natureza. Mais, como no resto de especies vivas, a nosa existencia e reprodución precisa da natureza para o desenvolvemento da vida. Somos, polo tanto, natureza; seres eco-dependentes suxeitos ós límites físicos do planeta que habitamos. E eses límites planetarios son fundamentais para que o planeta se manteña en equilibrio, máis algúns deles xa se sobordaron; estamos ante a sexta extinción da historia da terra, a extinción do Holoceno, na que a perda de biodiversidade é xa 1000 veces superior á natural.

Falamos así de crise ecolóxica e enerxética. No ano 2010, a Axencia Internacional de Enerxía recoñecía que o pico de extracción do petróleo acadouse no 2006: a partir de entón, a capacidade de extracción, comezou a descender. Para Yayo Herrero (2018), isto non só implica a escaseza dun recurso do que a sociedade é tan dependente; o seu encarecemento trae problemas acadando escenarios eco-fascistas. No século pasado o petróleo que se extraía tiña unha enorme taxa de retorno enerxético (TRE). A taxa de retorno enerxético é a cantidade de enerxía que se obtén en función da que se inverte, e para obter enerxía hai que inverter enerxía, é dicir petróleo. Non se pode empregar petróleo sen antes extraelo mediante máquinas que consuman enerxía. Naquela época a TRE era de entre 100 ou 120, é dicir, invertíase 1 barril de petróleo para extraer 100. Na actualidade, fálase de TRE de 30, pero no caso de técnicas como o fracking, falamos de TRE de entre 1 e 3. Neste sentido, debemos citar tamén, que as enerxías renovables, a pesar de ser unha das mellores alternativas, presentan unha TRE de entre 15 e 30. Polo que a conclusión para autoras como Yayo Herrero (2018) é clara: un sistema económico que se crea con taxas de retorno de 100, non pode vivir con taxas de retorno de 15, xa que non se mantería, a humanidade ten que vivir con menos enerxía, non se fala dunha crise económica illada, a crise é ecolóxica. O obxectivo debe cifrarse en conseguirmos outro sistema de organización social, xa que o mantemento deste non é viable de forma temporal nun mundo guiado polas forzas do

mercado e por procesos acelerados de produción, onde os problemas ambientais globais crecen a unha velocidade superior á nosa capacidade para xestionalos adecuadamente.

A crítica céntrase nos modos de produción e consumo vinculados ó “desenvolvemento” antropocéntrico que implica a depredación medioambiental e a inxustiza social. Deste modo “hai unha profunda desigualdade interxeracional (vivimos do planeta que lle corresponde ás xeracións futuras) ademais de intraxeracional (unhas partes do mundo vivimos a costa do planeta que lle corresponde a outras)” (Pérez Orozco, 2019, p. 121).

Nesta liña, resaltamos a dependencia negada cara ó mundo labrego e rural, sendo este a base de equilibrio e funcionamento dos agroecosistemas, así como da produción de alimentos. Para elo, a continuación exemplificamos como o sistema capitalista atravesa e racha coas lóxicas de sustentabilidade no mundo rural. Un dos procesos é o extractivismo, entendido como a actividade que apropia e extrae de forma desmesurada os recursos naturais do rural e das zonas de monte, para a exportación cara ás urbes de materias primas, incluíndo cuestións de minería, petróleo, gandaría e agricultura, industrializadas e intensivas. Ó respecto, Andrés Rodríguez Wallenius (2020) sinala que o auxe da extracción mineira provoca a confrontación coas comunidades indíxenas e labregas, ó verse afectadas por: a) o despoxo das terras onde se realiza a extracción e procesamento de minerais; b) a destrución do entorno debido ás novas técnicas extractivas de minado a tallo aberto; c) contaminación de solos e augas; e d) por provocar danos na saúde das persoas. Entre os efectos negativos xerados polo extractivismo, están o deterioro ambiental que dá lugar a zonas de terra e augas mortas cando se produce o esgotamento no plano ecolóxico, así como o deterioro das condicións de vida das poboacións afectadas, como son a precariedade da saúde, a alimentación e a vivenda entre outras. Así mesmo, o modelo de produción de alimentos intensivo e industrializado e os programas de “desenvolvemento” agrícola, guiados pola lóxica capitalista e articulados en cadeas globais de valor agroalimentario, dedican as terras fértiles ós cultivos destinados á exportación e á agricultura intensiva de monocultivos comerciais das sociedades transnacionais. Segundo Shiva (2014), isto provoca o desprazamento des pequenos agricultores, a perda de biodiversidade e novos sistemas de emprego da terra que non están adaptados á ecoloxía nin ás necesidades alimentarias da poboación local. Os monocultivos atacan á diversidade

biolóxica e á supervivencia das persoas no rural en aras dos intereses comerciais, provocando a perda de fertilidade do solo e o desprazamento das persoas do espectro feminino e identidades non binarias a man de obra non cualificada, así como a supresión da autosubsistencia das unidades agrícolas rurais.

Atopámonos perante unha crise global, unha crise ecolóxica que se plasma no cambio climático, no pico das enerxías fósiles, na hecatombe da bio-diversidade e na acentuación das desigualdades en todos os eixos de dominación. Unha crise que ataca ós corpos e á vida, reafirmando o control heteropatriarcal e capitalista, onde o deterioro da natureza vai da man do deterioro das condicións de vida das persoas que habitan a Terra.

4.2 ARTICULANDO RESPOSTAS Ó CONFLITO CAPITAL - VIDA

4.2.1 LÓXICA LABREGA E AGROECOLOXÍA

Para falar de lóxica labrega e agroecoloxía atravesadas polo conflito capital – vida, hai que falar de impacto ambiental; especulación en materias primas; do control dos oligopolios que marcan que e como producir, así como que consumir; da ausencia de poder que a comunidade labrega ten na xestión da terra, dos alimentos e das súas vidas.

Como dixemos, o sistema capitalista global baséase no saqueo dos recursos naturais da Terra, pero a necesidade dun crecemento exponencial para soste este sistema non é sostible en termos naturais ou sociais. Con todo, este modelo socioeconómico expandiuse a todas as esferas da produción e da vida, incluíndo a agricultura. Especialmente desde mediados do s. XX, e favorecido polo contexto de posguerra (necesidade de alimentación e abandono do campo), promoveuse unha agricultura que intensifica a produción e reduce a man de obra. Xunto con máxima capitalista de redución de custos e maximización de beneficios, a revolución verde, e a transición cara a un novo modelo de produción químico-mecánica, foron o encaixe perfecto para este contexto histórico. Porén, o modelo químico-mecánico produciu unha substitución progresiva dos servizos ecosistémicos que axudaban á produción agrícola, como a fixación natural de nitróxeno ou a protección natural de pragas grazas á diversidade de cultivos na agricultura anterior á revolución verde. Estas dinámicas foron substituídas por elementos tecnolóxicos e químicos, xa non se permite que o solo

rexenere nitróxeno de forma natural, senón que se subministra quimicamente; xa non existe un equilibrio ecosistémico, senón que se aplican pesticidas e herbicidas. Nesta liña, seguindo a Gómez (2000) a introdución de fertilizantes químicos e posteriormente os agrotóxicos en forma masiva, o emprego de híbridos de alto rendemento e a mecanización da agricultura permitiron intensificar os sistemas produtivos, abandonar os sistemas de rotación e pasar así o monocultivo.

Esta transformación dun modelo agrícola sostible a un modelo químico-mecánico insostible, pódese observar a nivel ambiental a través do esgotamento de combustibles fósiles necesarios para a mecanización e a produción de fertilizantes nitroxenados; e por outra banda a través do esgotamento de fertilizantes como o fósforo. Mais como citamos, este proceso de esgotamento foi reconducido “a través da introdución de fertilizantes nitroxenados de síntese, producindo consecuencias ambientais negativas significativas” (Brown e Bassil, 2011). Observándose como o conflito capital – vida se materializa a través do modelo de produción químico – mecánico, primando a produción en termos económicos fronte ó coidado dos agroecosistemas, comprometendo así a seguridade alimentaria.

A nivel socioeconómico, observamos unha tendencia na que os mercados son dominados por grandes empresas que posúen capital para investir en avances tecnolóxicos e en maquinaria, concentrándose estas en parcelas moi grandes dedicadas ó monocultivo e polo tanto ó comercio a longa distancia, todo isto fronte a pequenos agricultores que non poden facer grandes investimentos xa que a súa produción está máis descentralizada e o seu capital non é tan elevado. Esta tendencia provoca que as explotacións sexan cada vez menos, e que as que se manteñen sexan máis grandes e especializadas, menos diversificadas, menos resistentes, con máis pragas, máis problemas co esgotamento do solo e máis dependentes de tecnoloxías e recursos limitados.

A pesares de dito proceso, non se produciu unha homoxeneización da agricultura (impulsada polas políticas de modernización) e a conseguinte desaparición de explotacións “non viables”. A heteroxeneidade dos tipos e estruturas de explotacións é unha característica persistente da agricultura europea, e hai indicios de que esta diversidade aumentou durante o período de modernización. Os patróns de heteroxeneidade na

agricultura corresponden a diferentes estilos de cultivo (Van der Ploeg, 2000), que son esencialmente as diferentes estratexias que aplican as agriculturas labregas en relación ós mercados, políticas e tecnoloxías que lles son relevantes, sufrindo, aínda así, as presións do capital – vida en forma do desenvolvemento agrario extractivista

Neste contexto, a agroecoloxía xorde como “un enfoque teórico e metodolóxico, unha estratexia pluridisciplinar e pluriepistemolóxica para a análise e deseño de formas de xestión participativa dos recursos naturais, aplicando conceptos e principios ecolóxicos vinculados a propostas alternativas de desenvolvemento local” (Norgaard 1994, Guzmán e outros 2000). Sumando ideas, Shiva (2014) fai referencia á agroecoloxía como un conxunto de sistemas dinámicos sostibles que se fundamenta na interconexión da vida e os complexos procesos que teñen lugar na natureza e que están garantidos por séculos de práctica e que foron evolucionando en diversos ecosistemas e culturas. A agroecoloxía une así as dimensións que atravesan a vida, a dimensión produtiva, a socioeconómica e a sociopolítica.

Podemos traducir estas tres dimensións seguindo a Álvarez e Calle (2020), nas 3 C: pechar ciclos, circuítos curtos e cooperación. A dimensión produtivo-ecolóxica sería a encargada de pechar os ciclos, é dicir, devolver á terra aqueles recursos que transformamos para satisfacer as nosas necesidades, así como a rexeneración daqueles moitos que non foron devoltos; a dimensión socioeconómica e endóxena fai referencia a circuítos curtos de produción; e a sociopolítica recupera o apoio mutuo, cooperación e democracia radical.

Nesta liña situamos a agricultura labrega. Se temos en conta a dimensión produtivo – ecolóxica, debemos facer referencia ós circuítos curtos, así, a agricultura labrega inverte e inverte a súa enerxía na produción de alimentos saudables e diversos, proporcionando soberanía alimentaria na meirande parte dos casos, así como o afastamento dos grandes oligopolios. Así mesmo, as lóxicas de cultivo buscan a maior adaptación ó entorno e o medio, así como a rexeneración do mesmo, a través de técnicas como a devolución de materia orgánico ó solo, ou o manexo holístico de gando permitindo o arado biolóxico e a activación da microbioloxía. Nesta liña a lóxica labrega, pon no centro os sistemas agroforestais e agrosilvicultural, sistemas que integran pastos, árbores e / ou horta. Estas

dinámicas, seguindo a Gallar e Matarán, (2015) promoven por tanto a creación de sistemas agrarios autocentrados e orientados á reprodución endóxena da poboación e dos recursos.

A través de dita xestión do agroecosistema, o alto grao de complexidade ecolóxica, require un nivel de coñecemento para a súa correcta xestión e non tantos insumos externos coma nos sistemas agrícolas intensivos. Seguindo a Gallar e Matarán (2015), nos agroecosistemas labregos existe un alto grao de reciclaxe e recirculación endóxena de materiais e enerxía, a agricultura local podería plasmarse co paso do tempo nunha praxe de coñecemento e material xenético específico. A dimensión sociopolítica e a cooperación da lóxica labrega será abordada no epígrafe *4.2.2 Identidades e interdependencia*.

Nesta perspectiva xorden propostas analíticas como o metabolismo social (González de Molina e Toledo, 2011), que considerando a constante interacción, de evolución co-dependente, a co-evolución dos sistemas, son avaliados en función dos fluxos que ocorren entre eles no seu ciclo de vida (desde a apropiación, a circulación, a súa transformación, o consumo e ate a excreción). O metabolismo social convértese nunha perspectiva acaída para o estudo de agroecosistemas mediante indicadores agroecolóxicos como os balances de materiais e enerxéticos, a pegada do carbono, as denominadas “millas alimentarias”. Esta proposta teórica e metodolóxica permite analizar máis amplamente a estrutura e funcionamento do metabolismo agrario (o que nos atinxe neste caso de estudo, máis tamén aplicable ó metabolismo urbano), dos seus agroecosistemas, colocándonos en disposición de avaliar eses sistemas máis alá do seu rendemento económico, engadindo elementos da súa sustentabilidade social, ambiental e, económica. Deste xeito, o agroecosistema galego non pode ser analizado de maneira parcelaria xa que o seu metabolismo é o resultado da interacción de variables sociais, culturais, políticas e ambientais.

4.2.2 IDENTIDADES E INTERDEPENDENCIA

¿Como xeramos mundos onde re-existir desde un (re)coñecemento des outres e un desexo de (re)construción do común en sustentabilidade? A proposta dende os feminismos decoloniais é desafiarnos a concepción obrigatoria do suxeito hexemónico branco, viril, propietario e heterosexual, o cal subalterniza es “Outres”, para así irromper na construción binaria do mundo e das relacións, así coma na normatividade como dispositivo de control.

Para elo recorremos a Gloria Anzaldúa (1987), a cal se apropia dunha identidade múltiple, *a mestiza*, capaz de articular o particular e o universal. Nesta liña, a formulación de coñecementos situados de Donna Haraway (1988) cobra especial importancia para os ecofeminismos, que non poden evadir o reto de se situar, de recoñecer o lugar desde onde se mira para examinar o seu papel neste marco económico e político global. Así mesmo, en palabras de Preciado, “trátase de volver a pór en cuestión a epistemoloxía binaria e a naturalización dos xéneros, ó afirmar que existe unha multiplicidade irreductible de sexos, xéneros e sexualidades” (Preciado, 2018). En Marcos de guerra, Butler (2009) sostén que a pesar de que todas as vidas corporais son vulnerables, existen marcos de recoñecemento que instalan as corporeidades nun ou noutro grao de vulnerabilidade. Emprega o termo *precarity* para referirse á condición “politicamente inducida” pola cal certas poboacións “están diferencialmente máis expostas ós danos, á violencia e a morte” (Butler, 2009). A precariedade nomea a condición de subordinación compartida por aqueles que non responden ás normas do humano, es subalternes (animais non humanos, corpos racializados, empobrecidos, mulleres cis e trans...). Neste sentido, chama a establecer alianzas multiespecies que partan da vulnerabilidade e a interdependencia, para rachar cos dispositivos que exercen o control dos corpos e vidas a través da normatividade. Así mesmo, é preciso conectar ditas propostas coa lóxica labrega rural, xa que seguindo ós dualismos opresivos, o mundo labrego en contraposición ó urbano, preséntase na condición de precariedade, como subalterno, ó definirse en base á subordinación do urbano, marcado pola imposición de lóxicas industriais e extractivistas.

Seguindo esta idea, unha das premisas das que se debe partir é a de que os corpos son vulnerables e polo tanto, precisan coidados materiais e afectivos doutros corpos, así “a interdependencia non hai que construíla: é en si mesma” (Pérez Orozco, 2019) e só se pode construír en rede. Amaia Pérez Orozco (2019), formula a idea de que a responsabilidade de pór as condicións de posibilidade da vida debe ser colectiva e democraticamente repartida, para iso, hai que des-privatizala e des-feminizala: construír unha responsabilidade común que non estea remitida á institución heteropatriarcal dos fogares nin asociada á parte subalterna e feminizada.

Reformulando a proposta de Ana F. Vega (2006), podería explorarse unha organización de coidados mediante un “modelo de redes” que funcionase en torno a unha serie de círculos interconectados. Poderíase imaxinar un primeiro ámbito de proximidade e afectividade, unha familia escollida, na que xestionar a interdependencia, compartir recursos e traballos, tomar decisións conxuntas para construír en común a vida que merece ser vivida, marcada pola rexeneración e o dinamismo. Un segundo círculo sería a comunidade no que se incluírían iniciativas autoxestionadas e de economía solidaria, como son por exemplo os bancos de tempo, o centros sociais ou as redes de troco, entre outras. En definitiva, un conxunto de estruturas conectadas nas que exista un reparto descentralizado dos coidados. Nesta liña, resulta oportuno citar seguindo a Brigitte Vasallo (2023) , como nas culturas de supervivencia (comunidades labregas), todas as tarefas estaban destinadas á sustentabilidade da vida, mentres que na cultura da acumulación, como dixemos, esas mesmas tarefas son degradadas a non traballo, sendo ó mesmo tempo a base de sostén para os traballos remunerados. Isto materialízase a través de procesos de colonización, así como de procesos de industrialización e destrución do mundo labrego, os cales rachan co tecido relacional precapitalista, sendo reducido o núcleo de subsistencia en favor da familia nuclear. Mais é preciso sumar, seguindo a Luis Moreno-Caballud (citado en Vasallo, 2023), que *“nas culturas de supervivencia a pesar dos seus moitos problemas, incluíndo o de manter violentas versións precapitalistas do patriarcado e outras moitas formas de xerarquía, o traballo reprodutivo si era recoñecido como unha fonte fundamental de valor...”* (p. 17).

Seguindo esta idea, a base afástase da xeración de capital centrada na competitividade dos mercados, para achegarse ó apoio mutuo de Kropotkin (1915). Dende as comunidades campesiñas de Mesoamérica, ás cooperativas agrícolas ibéricas ata os ayllus andinos, o apoio mutuo foi a estratexia de xestión comunitaria dos recursos como alternativa ós mercados ou á intervención pública. Ostrom (1990) demostra que os recursos comúns poden xestionarse con éxito baixo unhas condicións específicas. Bookchin (1999) apela ó mutualismo, á auto-organización, á liberdade e á subxectividade como compoñentes dunha ecoloxía social orientadora para municipios libres. Nesta liña libertaria, Carlos Taibo (2012), recorre á autoxestión entendida como a creación de “espazos de autonomía nos que

procedamos a aplicar normas do xogo diferentes das que nos impón o sistema que padecemos”. Por elo, son exemplo de resistencia, as comunidades labregas e indíxenas con autoxestión, solidariedade, participación, consenso, manexo colectivo de bens comúns e protección ambiental.

5. RESULTADOS E DISCUSIÓN DA INVESTIGACIÓN

Ó longo de dito apartado presentaranse os resultados obtidos tralas entrevistas realizadas ós seis casos de estudo seleccionados. Co obxectivo de amosar a realidade dos casos de estudo investigados e ser o máis fieis posibles á realidade, ó longo deste apartado transcribíranse literalmente citas orais extraídas das entrevistas realizadas.

Citar, que se comezará o capítulo cun breve percorrido polo contexto histórico do que beben os seis casos de estudo presentados, para posteriormente facer unha caracterización detallada de cada un. Así mesmo, preténdese caracterizar, analizar e afondar nos seis casos de estudo para aproximarnos á realidade do rural galego, para coñecer as problemáticas que emerxen do conflito capital – vida, así como para visibilizar as estratexias das persoas do espectro feminino e identidades non binarias, es cales semellan invisibilizadas e que son, pola contra centrais en agroecoloxía e na sustentabilidade da vida.

5.1 A TRANSFORMACIÓN DO RURAL GALEGO

A presenza de sinerxías entre a comunidade e o coidado do medio foron o eixo vertebrador para manter un rural galego vivo. Pero por que foi tan importante esta relación para manter o equilibrio do agroecosistema? Para responder á pregunta, debemos comezar por definir agroecosistema como calquera tipo de ecosistema modificado e xestionado polo ser humano co obxectivo de obter alimentos, fibras e outros materiais de orixe biótico (Gómez Sal, 2012).

Partindo desta definición, o mantemento do equilibrio do agroecosistema debeuse en maior medida a que o monte era o produtor fundamental de fertilizantes, a través de especies arbustivas como o toxo, así a matogueira era a protagonista da paisaxe, xa que dela saía o esterco para fertilizar a terra.

Así mesmo, o monte foi o sustento fundamental do gando. O pastoreo do monte era a práctica habitual para o mantemento e alimentación dos rabaños, xa fosen vacas, cabalos, ovellas ou cabras, asumindo tamén unha ferramenta de control e regulación da biomasa e de configuración paisaxística. Ademais, podían reservarse zonas de pastoreo comunal, coñecidas co nome de *coutadas*.

Outra das prácticas importantes no monte eran as chamadas rozas, nas que se parcelaban zonas para pastorear, queimarse e fertilizalas con cinzas para posteriormente ser cultivadas con cereais que complementaban a alimentación da comunidade e do gando. Seguindo a Lara Barros (2019), estas zonas íanse rotando para a recuperación do solo e a súa planificación foi atravesada polos coñecementos agrarios e a vinculación coa terra que existía, de xeito que non se producían danos que implicasen o seu deterioro, xa que o monte era fundamental na lóxica da subsistencia labrega.

Ademais dos usos gandeiros e agrícolas, o monte proporcionaba á comunidade madeira, que se empregaba para a construción ou como combustible. Así mesmo, outros usos que complementaban as economías labregas eran a recolección de froitos e plantas comestibles ou medicinais, e a apicultura ou a caza, entre outros.

Como podemos ver, a distribución do territorio vencéllase seguindo a Gómez Sal (2012), coa idea de comunidade rural, na que o núcleo rural se relacionaba mediante "cintos" co territorio da súa contorna segundo o uso de recursos. Así, no primeiro cinto, o máis próximo á casa, estaban as hortas e o gando de horta; na segunda estaban as terras comunais dedicadas a cereais e leguminosas con barbeito e pastoreo de gando; no terceiro estaban os pastos e no cuarto o forestal, para o aproveitamento da madeira e a colleita. Un modelo, como dixemos, que permitía sinerxías entre o monte, os sistemas agrarios e os gandeiros.

Mais nas comunidades tradicionais rurais, existiu unha forte división sexual do traballo na que a responsabilidade da esfera da sustentabilidade da vida, sen recoñecemento e sen remuneración, recaía sobre as *mulleres*, así como a tarefa de produción de alimentos a pequena escala, tarefa invisible e non contabilizada por parte da economía oficial. Autoras como Úrsula Oswald (2008), sinalan o papel protagonista das labregas na obtención da

alimentación, no coidado das persoas e dos bens naturais como a terra, a auga e a biodiversidade.

A alimentación, e polo tanto, parte da supervivencia das comunidades estaba en mans das *mulleres* labregas galegas, protagonistas radicais nas producións a pequena escala, na cría de animais, na conservación de sementes, e nos modelos con maior diversificación produtiva. Seguindo esta liña, ditas tarefas eran consideradas inferiores, pouco susceptibles de ser reivindicadas e tidas en conta polas sucesivas políticas, deixando palpable como a sustentabilidade da vida queda reducida fronte á produción, adscrita como masculina e pública, e polo tanto valorada.

Chegado a este punto, resulta preciso sinalar ás comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC), e así clarificar aínda máis a fenda capital – vida da que vimos falando. As CMVMC son unha ferramenta de xestión do territorio, e xogaron, xogan e xogarán un papel estratéxico na dinamización da comunidade e do monte. Mais a análise ten que ser dobre, así pois debe articularse a través da ecodependencia así como da interdependencia. Para elo, faremos un breve percorrido pola historia das CMVMC.

Actualmente, en Galiza existen unhas 2.835 comunidades de montes veciñais en man común que xestionarían unhas 673.303 hectáreas, o que supón o 63,6% da superficie total galega, dando a entender así, a importancia deste tipo de terreos (IDEGA, 2013).

As comunidades de montes veciñais en man común están presentes nas catro provincias galegas, non obstante, establécense diferenzas en canto á súa presenza e extensión entre as distintas provincias, estas diferenzas preséntanse no seguinte cadro:

PROVINCIAS	Nº COMUNIDADES	SUPERFICIE CMVMC
A Coruña	239	43 883,76
Lugo	904	213 228,00
Pontevedra	640	134 895,15
Ourense	1052	281 295,78
Galicia	2835	673 302,71

Táboa 2: CMVMC por provincias e superficie

Fonte: Elaboración propia a través do estudo de IDEGA, 2013

Como podemos observar no cadro, as provincias de Lugo e Ourense son as que presentan un maior número de CMVMC, é dicir, as provincias do sur; sendo a provincia da Coruña a de menor número de montes veciñais. Segundo a súa localización, a súa dinámica é moi variable (IDEGA, 2013), non obstante, todas comparten o mesmo marco legal: o da propiedade veciñal; Segundo a Lei 13/1989, pola que se reformula a Lei 52/1968, estamos ante un tipo de bens que son á vez privados e colectivos, xa que pertencen a unha comunidade de veciñanza que exerce a soberanía usufrutuaria sobre o territorio do monte. arredor do que habita. O criterio de pertenza a esta comunidade propietaria é a veciñal, é dicir, unha vivenda habitada a maior parte do ano.

Segundo o estudo de Le Galice do xeógrafo Abel Bouhier (2001), calcúlase que en 1800 había entre 1,8 e 2 millóns de hectáreas, fronte ás 900.000 estimadas nos anos sesenta do século XX. Se hoxe falamos de 673.303 hectáreas, a súa redución é evidente, non obstante, a súa relevancia e extensión é indiscutible. Isto debeuse como dixemos, ó importante papel do monte para o sustento do agroecosistema galego, no que a súa porcentaxe, segundo a Bouhier (2001), era moi superior en relación ás terras de cultivo, calculando unha relación de 70/30 favorecendo o equilibrio produtivo do sistema.

Falamos, pois, dunha xestión colectiva, participativa, democrática e soberana do territorio, baseada na asemblea das persoas comuneiras. Unha ferramenta con raíces no dereito xermánico e no dereito consuetudinario, é dicir, o uso e costumes foron esculpindo a súa realidade ata chegar á actualidade. É certo que os usos e costumes foron variando de xeración en xeración, pero a comunidade, como propietaria, mantense.

Nesta liña, a pesares de que o papel das CMVMC é moi importante para o mantemento e fortalecemento das comunidades labregas, a presenza e participación das *mulleres* nas CMVMC era (e segue a ser) escasa, existindo unha forte masculinización nas mesmas. A figura de comuneiro era e segue a ser un home, representante da casa e da unidade familiar. Observamos o papel dos dualismos opresivos presentes no conflito capital –vida: *muller / home e privado / público*.

A profesora Lourdes Méndez salientou no seu libro “Cousas de mulleres”. Campesina, poder y vida cotidiana (Lugo, 1940 – 1980) que no proceso de urbanización da sociedade tradicional non se produciu unha perda de poder das labregas, senón a permanencia do seu estatuto de non - poder. Neste sentido, as mulleres circunscribíanse ó doméstico e non á esfera pública ou ás terras:

Cando se trata de terras, é o pater de familia o que toma as decisións (...). Só cando a muller é viúva ou nai solteira, esta xoga un papel no que se lle recoñece o seu poder social. En ambos os dous casos, xa non será unha muller, senón una nai e a percepción simbólica será diferente. (Méndez, 1988: pp. 148 – 149).

Outro dos eixos do conflito capital – vida que vertebrou ás CMVMC foi articulado coa chegada da construción do Estado liberal, a propiedade comunal foi legalmente marxinalizada para enxalzar un modelo dicotómico de propiedade pública (propiedade das institucións) fronte a propiedade privada (só individual). Para iso, o réxime municipal (1830) e os procesos de desamortización civil (1855) articularon que os montes abertos pasan a mans de titularidade pública, non obstante, o monte era o elemento central das comunidades, as que fixeron un forte traballo de resistencia para que a desamortización fracasase. Nas

primeiras décadas do século XX iniciouse un proceso de repoboación forestal dos montes galegos, de novo, a resistencia veciñal foi moi alta e conseguíuse freala.

Coa chegada da ditadura franquista e a partir de 1941, o Patrimonio Forestal do Estado impón os consorcios de repoboación que asina cos concellos e deputacións, excluindo ás comunidades veciñais do proceso. Así, os consorcios comezan a ter como obxectivo principal a explotación forestal intensiva con especies de rápido crecemento e masas monoespecíficas como o *Pinus pinaster* ou o eucalipto para a industria da celulosa. Ante a imposición de novos “usos” do monte e expulsión da comunidade na toma de decisións, as resistencias volven a estar presentes.

Neste proceso de resistencia contra os procesos de repoboación forestal que estaba a impulsar o Patrimonio Forestal do Estado, as *mulleres* labregas estiveron ben visibles, a pesares da súa escasa participación nos modelos de gobernanza, sendo a súa posición a primeira liña da acción.

A partir dos anos 1940, marcados como dixemos, por unha forte intervención estatal sobre os montes e un aparato represor dunha ditadura, xa non só estaba en xogo un modelo da propiedade, senón que o conflito supuña unha ruptura do modelo produtivo anterior, da concepción do monte, do sistema agrario e gandeiro, da organización da comunidade e do acceso ao territorio e ós seus recursos, o que estaba en xogo era a sustentabilidade da vida, e por elo, foi polo que loitaron as *mulleres* labregas.

Rico Boquete (1995 e 1999) sinala as características de ditos conflitos, os cales, comezaban cando os traballos de repoboación forestal eran iniciados nos montes consorciados por parte do Patrimonio Forestal do Estado, os concellos e as deputacións. Como se citou, as reforestacións do monte, implicaban unha ruptura nos modos de vida das comunidades labregas, rachando coas sinerxías que o monte aportaba. E é, nestes momentos e por estes motivos, cando as labregas ocuparon as liñas de resistencia.

Os casos máis paradigmáticos son o de Trasmirás en 1953 e o de Mercurín en 1961, en ámbolos casos, un grupo de labregas tentan paralizar as repoboacións dos seus montes poñendo o corpo como resistencia. Estes son os casos máis coñecidos, máis as accións

reproducíronse ao longo de Galiza en Cerdeda, Outes, Mazaricos, entre outros. Así mesmo, este non era o único modo de resistencia nestas décadas, rexístranse numerosas prácticas de pastoreo en zonas prohibidas reservadas para a repoboación forestal, nas que as multas eran maioritariamente a mulleres. Outro xeito de resistencia foron as peticións en forma de carta da poboación dirixidas á autoridade firmadas colectivamente tanto por mulleres como por homes.


A pesares das resistencias veciñais, as repoboacións daquelas décadas marcan unha ruptura no aproveitamento do monte, que foi o apoio do sistema agrogandeiro galego. Porén, dende a Lei de montes veciñais en man común e as posteriores de 1980 e 1989 volve a recoñecerse a propiedade veciñal, colectiva e privada, chegando ata a actualidade, mais como citamos, a presenza de persoas do espectro feminino e identidades non binarias era e segue a ser escasa.

Con todo isto, podemos concluír con dúas transformacións fundamentais, unha é a da propiedade que, a pesar de estar un tempo controlada polo Estado, as comunidades veciñais conseguiron de novo o seu uso e xestión. Mais as diversas formas de resistencia e as súas protagonistas visibilizan quen se encargaba do establecemento das redes informais de coidados, da comunidade e do entorno que as rodeaba, xa que nesas redes, as *mulleres* eran as principais protagonistas, as que realizaban as tarefas en común, as que cultivaban os lazos de veciñanza, as que facían da relación unha forma de estar no mundo. Observamos con elo unha clara reprodución de roles asignados á muller, mais afastándonos do esencialismo, as labregas loitaron pola permanencia dunha economía labrega que dá de beber á economía feminista, fronte ó modelo produtivista que estaba e segue a estar a rachar o tecido rural, ás comunidades e ó monte.

Porén, outra das transformacións, é o uso das CMVMC, xa que a pesar de que a propiedade volveu a mans das comunidades, os seus usos tradicionais fóronse perdendo debido a que a propiedade aínda está baixo consorcios ou convenios forestais de repoboación masiva, nos que o valor do terreo se reduce a un mero rendemento monetario, aumentando a destrución ambiental.

Se empregamos as dimensións avaliativas propostas por Gómez Sal (1995), observamos unha clara transformación no sistema de aproveitamento dos recursos. Coas comunidades de montes veciñais en man común, situámonos nun sistema de avaliación produtiva no que o seu obxectivo é a obtención de produtos agrarios mediante o uso de tecnoloxías e coñecementos en función dos recursos dispoñibles, é dicir, o seu carácter é finalista. Para a súa análise debemos contemplar o equilibrio entre os esforzos investidos e os obxectivos acadados, para iso, a través da información aportada, conclúese que a CMVMC logra o seu "obxectivo" mediante a práctica dunha forma de vida na que a comunidade se relaciona cos procesos naturais mediante a súa interpretación e, polo tanto, a adaptación das súas prácticas ós recursos dispoñibles e a súa xestión, establecendo un equilibrio entre a explotación e a conservación do medio. Isto lévanos a mencionar seguindo a Gómez Sal (2007), a coherencia ecolóxica, que sitúa a interacción entre o sistema ecolóxico e o sistema produtivo, referíndose ó aproveitamento dos recursos naturais en función da aptitude dos sistemas para achegalos. Con esta xestión observamos que a posibilidade de manter os usos no tempo sen deteriorar o ecosistema é posible, mantendo así a sustentabilidade do mesmo.

A continuación, exemplificamos a través da Figura 1.: O modelo tradicional sostible, ó que vimos facendo referencia a través das CMVMC. Nela observamos que a produción (P) é media, o rendemento económico (E) volve a ser medio, mentres que a sustentabilidade do agroecosistema (S) é alta, garantindo así o seu equilibrio.



*Figura 1: O modelo tradicional sustentable
Fonte: Elaboración propia*

Porén, este modelo transformouse a través dos procesos antes citados, falamos así, dunha perda de aproveitamentos tradicionais, primando na actualidade o aproveitamento da repoboación forestal na xestión do monte. Partimos dende esta perspectiva, dun sistema de avaliación económica, no que o obxectivo pasa a ser a rendibilidade económica, discernindo da racionalidade da xestión agraria desde a perspectiva ecolóxica e produtiva da que falabamos. Así, o aproveitamento do monte pasa a estar dominado por monoespecies de cultivos como o piñeiro ou o eucalipto.

A continuación, exemplificamos coa Figura 2: O modelo industrial insustentable ó que nos vimos referindo co cambio de aproveitamento do monte e a súa intensificación da explotación para a industria da madeira e a celulosa.




Figura 2: O modelo industrial insustentable
Fonte: Elaboración propia

Concluimos, polo tanto, coa palpable transformación do modelo dos usos do monte, directamente relacionado coa titularidade da súa xestión e co modelo económico predominante. Observando como nos modelos de xestión comunal nos que a economía era de subsistencia se mantivo un equilibrio estable entre a produción e a preservación do medio ambiente. Porén, coa aparición dos modelos individuais de xestión público/privada e do modelo económico industrial, este equilibrio desaparece en aras da rendibilidade, deixando de lado o coidado do medio ambiente e da comunidade.

5.2 ORGANIZACIÓN E ESTRATEXIAS AGROECOLÓXICAS NO RURAL GALEGO

No presente apartado, farase unha caracterización dos seis casos de estudo analizados en base a diferentes categorías: localización, ano de constitución e historia dos casos de estudo, titularidade e forma de acceso á propiedade, actividades que desenvolven, canles de comercialización, persoas participantes e relacións de xénero e organización.

Empregaremos siglas para identificar as tipoloxías dos diferentes casos de estudo, no caso das Comunidade de Montes Veciñais en Man Común empregaremos as siglas CMVMC, para a produción agroecolóxica as siglas P.A. e, para o activismo pola defensa da terra as siglas A.P.D.T.

5.2.1 LOCALIZACIÓN DOS CASOS DE ESTUDO




Ilustración 1. Localización dos casos de estudo
Fonte: Elaboración propia

Como observamos a través da *Ilustración 1: Localización dos casos de estudo*, estes preséntanse localizados nas catro provincias galegas, sendo a súa dispersión polo territorio un reflexo da realidade galega, así mesmo a súa presenza amosa a necesidade de proxectos

e resistencias presentes por todo o territorio galego, non existindo un só foco de resistencia, senón que os conflitos capital – vida percorren a totalidade de Galiza.

5.2.2 ANO DE CONSTITUCIÓN DOS CASOS DE ESTUDO

Para presentar os datos referentes ó ano de creación dos diferentes casos de estudo, elaborouse a seguinte táboa:

Tipoloxía	Caso de estudo	Ano de constitución
CMVMC	CMVMC de Vincios	1984
	CMVMC de Foxo de Vilar	1981
P.A	Amarelante	2013
	Burbullas de Sol	2014
	Ribeiregas	2011
A.P.D.T	Monfero Di Non	2021

*Táboa 3: Ano de constitución dos casos de estudo
Fonte: Elaboración propia*

A través dos datos presentados na *Táboa 3: Ano de constitución dos casos de estudo*, o tempo de actividade dos diferentes casos de estudo amosa a diversidade das mesmas, entre proxectos tradicionais de longo percorrido histórico como é o caso das CMVMC e os proxectos de recente creación en respostas ós novos conflitos capital – vida no rural galego. Por unha banda as CMVMC aparecen dende o século XIX no territorio galego, por elo falamos dunha marxe de funcionamento dende o 1981, mentres que os proxectos agrocolóxicos emerxen dende o 2011 como resposta á agroindustria. Por outra banda, o activismo pola defensa da terra datado no 2021, observando como no último se produce unha tendencia a activación de plataformas e movementos en torno a conflitos capital – vida, como os macroproxectos eólicos ou mineiros, debido ó auxe da proxección de proxectos deste calado no territorio galego.

5.2.3 HISTORIA DOS CASOS DE ESTUDO

Para comezar, realizarase un breve percorrido pola historia de cada un dos seis casos de estudo.

En canto ás CMVMC que forman parte da investigación, analizamos á CMVMC de Vincios que xestiona o monte veciñal da parroquia. A entidade está integrada na Mancomunidade de Montes do Val Miñor, que engloba á maioría das Comunidades de Montes da comarca e está asociada á Organización Galega de Comunidades de Montes en Man Común. O monte é unha propiedade de orixe xermánica consolidada polos usos ó longo dos séculos pois era a base da sociedade rural para a obtención de enerxía, cama para o gando, pasto, madeira para a construción, etc. Segundo a CMVMC de Vincios, son unha propiedade que constitúen un exemplo de cooperativismo, de traballo en común, que co paso dos anos foi cambiando os usos tradicionais polos servizos que o ecosistema que o monte aporta á Parroquia. Comentan que a existencia da idea do común contribuíu ó desenvolvemento sostible da sociedade rural á vez que potenciou a súa identidade cultural xa que tan só no noroeste peninsular, Galicia e Norte de Portugal, se mantivo este tipo de propiedade comunitaria, garantindo a supervivencia no tempo deste tipo de propiedades, as características imprescriptible, inalienable, inembargable e indivisible. Actualmente a CMVMC permite a xestión do monte en todas as súas acepcións, a xestión forestal e doutros produtos e a existencia da gandería, sendo o seu obxectivo xeral o de xerar un monte multifuncional, viable, social e preparado para afrontar os retos do futuro. Para elo, teñen como fin aumentar a produción do monte, mellorar as condicións ecolóxicas e paisaxísticas e favorecer a integración social do monte entre a veciñanza da parroquia e dos lugares próximos, en definitiva, segundo a súas voces, propoñen alternativas coas que alcanzar a sustentabilidade do monte

A CMVMC de Foxo de Vilar, reactivábase cando as participantes de Ribeiregas, xunto con outras persoas dan vida a Negueira de Muñiz tras pasar varios anos a aldea abandonada. Neste sentido, a CMVMC organízase os primeiros anos principalmente en torno á xestión forestal como prevención contra os incendios. A súa historia é máis de mantemento do monte ante os incendios, que de rexeneración do mesmo, debido ás poucas persoas que

participan na CMVMC, por ser unha poboación moi reducida ó atoparse nunha zona central do que denominan a Galiza Baleirada.

En canto ós proxectos agroecolóxicos que forman parte dos casos de estudo, estudiamos á cooperativa Amarelante, a Burbullas de Sol e a Ribeiregas.

Amarelante Sociedade Cooperativa Galega, xorde no 2013 cun obxectivo claro: a recuperación de soutos abandonados para a produción de castaña, apostando por darlle un valor engadido a través de produtos elaborados. A súa base de operacións é Manzaneda, un concello que cumpría con todos os requisitos: centos de castiñeiros “a monte”, unha poboación envellecida que non pode atendelos e a necesidade urxente de ofrecer alternativas reais das que vivir (non sobrevivir) no rural. Porque quizás comentan “*si somos un pouco idealistas pero estamos convencidos de todo o seu potencial e de que o noso proxecto pode ser unha ferramenta de transformación social que vai moito máis aló de recoller castañas*”. Amarelante móvese baixo os principios de sustentabilidade ecolóxica e xustiza social, e ámbolos dous están representados nas accións e decisións da cooperativa realizadas ó longo do tempo. O feito de recuperar os soutos abandonados é un exemplo de sustentabilidade ecolóxica, xa que non só se reactivou a produción de castañas, senón que tamén se reduciu o risco de incendios forestais. Esa sustentabilidade súmase á xustiza social na loita por revitalizar o medio rural e facer da recollida e produción de castañas unha actividade de presente e de futuro. Todo iso nun concello como Manzaneda onde urxen iniciativas que ofrezan opcións reais para asentar poboación. Estes valores sociais, ambientais e culturais trasládanse á clientela nos produtos finais de Amarelante. Cada castaña, fariña ou bica é o resultado da unión destes principios durante os seus respectivos procesos de elaboración.

Burbullas de Sol, é un proxecto de horta agroecolóxica na que traballan por unha alimentación respectuosa coa terra, as labregas e as consumidoras. Despois de varios saltos no plano laboral e a incerteza económica da crise, es socios de Burbullas de Sol mudaron ó rural (Vedra), mais non acababan de encaixar o habitar no agro e traballar na cidade, polo que decidiron desenvolver unha horta en agroecolóxico. Es socios tiñan xa conexión directa co cultivo e o traballo agrícola debido a experiencias previas de autoconsumo, así mesmo,

participaban e participan en cooperativas e grupos de consumo, o que lles proporcionou a perspectiva propia de consumidores para o desenvolvemento de dito proxecto, e decantarse pola produción agroecolóxica e a venda directa.

Ribeiregas nace en San Pedro de Ernes, no concello de Negueira de Muñiz. Un dos espazos abandonados durante o franquismo debido á construción do encoro de Grandas de Salime, cando os habitantes chegaron ó concello no ano 1977, ocupan cinco aldeas e dúas son cedidas pola veciñanza, os obxectivos centrais neste momento eran a reconstrución das vivendas e a recuperación dos terreos de cultivo. Nacendo a cooperativa Ribeira do Navia respondendo á necesidade de ter unha figura legal que avalase as actividades económicas emerxentes de aquel momento. Ribeiregas é o proxecto de alimentación en agroecolóxico da cooperativa, mais tamén se encargan da plantación e recuperación de espazos para o cultivo de alimentos, así mesmo, a bioconstrución e os traballos forestais forman parte da súa actividade. Ribeiregas comeza co cría de animais e o pastoreo, ó mesmo que tempo que facían plantacións, pasando da autosuficiencia á venda de excedentes por solicitude da comunidade, para finalmente conformarse como a despensa do val, a través da venda directa.

En canto ó activismo pola defensa da terra, Monfero Di Non, é unha plataforma veciñal que xorde en 2021 en resposta contra os macro proxectos eólicos proxectados en Monfero, espazo no que actualmente xa existen dous parques eólicos e unha central hidro-eléctrica. Conta unha das persoas participantes que *“un luns sae no BOE unha publicación da proxección dun macro proxecto eólico en Monfero, e o sábado xa fixemos unha xuntanza veciñal na que xorde a plataforma Monfero di non”*. A plataforma comenta que se organizan xa que son conscientes de que xa están a producir enerxía limpa suficiente para autoabastecer a súa poboación, e que o problema é a proxección de macro proxectos industriais que queren acceder ó territorio de Monfero para vender enerxía a través da exportación, esa é a loita de Monfero Di Non. Para elo a súa andaina comeza, a través da adquisición de información legal coa que poder accionarse en contra dos macro proxectos, para posteriormente elaborar alegacións que poñen en mans de todas as poboacións afectadas pola problemática, así mesmo, elaboran mapas sobre as proxeccións dos diferentes parque eólicos no territorio galego.

5.2.4 TITULARIDADE E FORMAS DE ACCESO Á PROPIEDAD

A continuación analizaremos a titularidade dos diferentes casos de estudo, así como as formas de acceso á propiedade que seguiron.

Tipoloxía	Caso de estudo	Titularidade compartida	Propiedade
CMVMC	CMVMC de Vincios	Si	Veciñal
	CMVMC de Foxo de Vilar	Si	Veciñal
P.A	Amarelante	Si	Cesión e compra
	Burbullas de Sol	Si	Cesión e compra
	Ribeiregas	Si	Cesión, ocupación e compra
A.P.D.T	Monfero Di Non	Si	Pública

*Táboa 4: Titularidade e formas de acceso á propiedade dos casos de estudo
Fonte: Elaboración propia*

Se analizamos os datos presentados na *Táboa 4: Titularidade e formas de acceso á propiedade dos casos de estudo*, observamos que en canto á titularidade dos diferentes casos de estudo, estes exercen unha titularidade compartida entre as persoas que conforman as diferentes experiencias na súa totalidade. Este dato contrasta coa realidade do rural galego, no que a pesares da lei 35/2011 sobre a titularidade compartida das explotacións agrarias resultado da gran loita das mulleres do Sindicato Labrego Galego, tan só son 36, as explotacións agrarias na Comunidade Autónoma de Galiza que presentan titularidade compartida. Nesta liña semella relevante citar como, as lóxicas patriarcais seguen a permanecer nos modelos de propiedade, deixando na sombra a labor das persoas do espectro feminino; mais existindo, experiencias, como é a realidade dos casos de estudos, que loitan contra elo dando visibilidade ás persoas do espectro feminino, así como poñendo

en relevancia o factor comunitario e a interdependencia en aras da sustentabilidade da vida fronte ó conflito capital – vida.

En canto ás formas de propiedade que desenvolven os diferentes casos de estudo, observamos como nas CMVMC a propiedade é veciñal, é dicir, a xestión do territorio ó que pertence a comunidade depende da toma de decisións das persoas que habitan o lugar. Dende o punto de vista da participación cidadá son unha ferramenta moi interesante xa que constitúen unha forma de xestión colectiva e democrática do territorio. No caso dos proxectos agroecolóxicos, na súa totalidade seguen formas de acceso á propiedade como a venda e a cesión, primando na totalidade dos casos a preferencia pola cesión, debido a que son moitos os terreos e espazos abandonados no rural galego sendo urxente a súa recuperación e xestión ante problemáticas como os lumes, ou o espolio por parte de grandes empresas. Así mesmo, Ribeiregas comenta *“nos accedemos á terra a través da cesión e a ocupación, naquel momento nos non poderíamos soñar con mercar un anaco de terra ou unha vivenda, e estes modelos de propiedade permitíronnos poder acceder á terra”*. O incremento do prezo dos terreos, provocan que sexa cada vez máis complexo acceder ós mesmo a través da compra, por elo que haxa que recorrer a outras formas de acceso, como a cesión e a ocupación, conformando ademais un posicionamento político fronte ó mercado capitalista. No caso de Monfero Di Non, a propiedade é pública, xa que se centran na defensa de espazo naturais como a Serra do Galiñeiro.

5.2.5 ACTIVIDADES QUE DESENVOLVEN OS CASOS DE ESTUDO

A tipoloxía das actividades realizadas, tanto as CMVMC como os proxectos agroecolóxicos seguen a liña de produción (alimentos ou madeira) e distribución a través da venda dos diferentes produtos, así como a dinamización e xestión do territorio a través da xestión sostible dos agroecosistemas dos que forman parte. En canto ó activismo pola defensa da terra, estas plataformas céntranse na dinamización e xestión territorial a través de accións legais e directas contra os magroproxectos, así como na educación e sensibilización cidadá sobre as problemáticas.

Tipoloxía	Nome	Actividades			
		Produción	Distribución	Dinamización e xestión do territorio	Educación
CMVMC	CMVMC de Vincios	X	X	X	
	CMVMC de Foxo de Vilar	X	X	X	
P. A	Amarelante	X	X	X	X
	Burbullas de Sol	X	X		
	Ribeiregas	X	X	X	
A.P.D.T	Monfero Di Non			X	X

*Táboa 5. Actividades que desenvolven os casos de estudo
Fonte: Elaboración propia*

As actividades que desenvolven cada caso de estudo serán debulladas a continuación a modo descritivo, para posteriormente ser recuperadas e analizadas como estratexias multifuncionais.

A CMVMC de Vincios presenta dous proxectos activos, Vincios Verde xorde como resposta resiliente ante o lume de outubro do 2017 que arrasou co 81% do monte de Vincios, ante a situación a xunta reitora da CMVMC toma un posicionamento positivo entendendo a situación como unha oportunidade para debuxar dende cero o monte, atendendo ás necesidades sociais, medioambientais do futuro próximo. O obxectivo principal foi e é a

rexeneración e posta en marcha de actividades vinculadas coa xestión sostible do monte, nesta liña, desenvolven actividades como son: a obtención de madeira, a reforestación sostible con frondosas caducifolias, a conservación da biodiversidade, produción de plantas medicinais, a apicultura como regulación dos ecosistemas, sumidoiros de CO₂ e a colaboración con centros de ensino locais e a universidade.

Cartografías sensibles é o segundo proxecto que desenvolven, apostando pola defensa e a posta en valor do patrimonio da comunidade. Trátase dunha achega virtual a unha realidade territorial a través de mapas que fan descubrir historias, topónimos, muíños, covas e xacementos entre outros. Así mesmo, promoven a multifuncionalidade dun espazo vivo, con posibilidades ambientais ou de lecer, por elo, desenvolven rutas de sendeirismo por diferentes zonas de interese do monte, así como a programación de diferentes obradoiros e actividades de escalada por exemplo para a promoción da revitalización das zonas rurais.

A CMVMC de Foxo de Vilar, presenta dificultades á hora de desenvolver actividades estables debido, a como comenta unha das persoas integrantes a que “*continuamente está mudando a xente, entón é moi difícil seguir unha liña*”, mais as actividades que desenvolven son de mantemento do monte, a gando e pastoreo, a apicultura, a plantación de especies autóctonas.

A actividade principal de Amarelante, é a recuperación de soutos abandonados para a produción e venda de castañas, mais isto materialízase na práctica en tres produtos claves. En primeiro lugar, castañas secas (coñecidas tamén como pilongas ou crocas) obtidas nun rigoroso proceso no que se invisten máis de 200 horas. En segundo, a fariña de castaña, perfecta tanto para pratos doces como salgados. Elabórase sen aditivos nin conservantes e non contén glute. En terceiro lugar, un doce para os amantes das castañas. Falamos da bica de castaña, elaborada con fariña de castaña e que ten un sabor moi característico.

Mais o compromiso de Amarelante co rural vai máis aló dunha cuestión económica. A parte social e cultural é clave na cooperativa, organizando de forma recorrente actividades como a visita do Pandigueiro (figura tradicional do Nadal no Macizo Central), o Samaín ou o Entroido. Así mesmo, a divulgación é fundamental, polo que a colaboración con outras entidades da zona como a Universidades, IXP Castaña de Galicia

ou AGACA, é prioritaria. Neste sentido, Amarelante xa organizou un campo de traballo medioambiental no que universitarias coñeceron os soutos e o seu valor cultural, social, ambiental e económico.

A actividade principal de Burbullas de Sol é a produción de horta en agroecolóxico, diversificada e a pequena escala, así mesmo, realizan venta local en diversos mercados da zona na que moran, formando parte da organización e mantemento dos mesmos.

A actividade principal de Ribeiregas, é a recuperación e cultivo tanto de horta diversificada en agroecolóxico como de diferentes frutais para a transformación dos seus produtos e a súa posterior venta a través dos mercados locais da contorna. Os produtos que elaboran son moitos e diversos, entre eles destacamos os zumes de diferentes froitas, marmeladas, tomates fritos, chucrut, deshidratados, gominolas, pan, fariña de millo, falafel e millo. Así mesmo, participan como Ribeiregas en varios proxectos externos, entre eles destacan A montaña plántase, un colectivo veciñal na defensa do territorio que xorde pola invasión dos macro proxectos eólicos e “ *estamos aí moi activas, de verdade que se conseguiu unha participación moi alta. Facemos unhas xornadas unha vez ó mes para concienciación e recadación de cartos para gastos, porque moitos de estes proxectos eólicos agora van a xuízo*”. Tamén participan nun proxecto de divulgación e mantemento de oficios tradicionais, do cal saíron unhas xornadas en colaboración con artesás alemás, nos que houbo un voluntariado dun mes para xente nova, comentan nesta liña que “*a xuventude puido palpar como a forza do común a través da convivencia*”.

A actividade principal de Monfero di Non, é a defensa da terra contra os macro proxectos eólicos, para elo desenvolven diversas estratexias como, a elaboración de alegacións contra ditos proxectos e a súa disposición ás comunidades que o precisen, así mesmo, realizan asesoramento legal ás comunidades atravesadas polo mesmo conflito. Por outra banda, desenvolveron un proxecto de mapeado de todos os macro proxectos eólicos con mapas interactivos nos que se poden identificar os danos materiais e inmateriais dos eólicos. Así mesmo, organizan, convocan e xestionan actividades divulgativas e de resposta como manifestacións ou asentamentos en torno á problemática.

5.2.6 CANLES DE COMERCIALIZACIÓN DOS CASOS DE ESTUDO

En canto ós canles de comercialización dos diferentes casos de estudo, vamos a centrarnos soamente nos proxectos agroecolóxicos, xa que as CMVMC analizadas non elaboran produtos para a venda, e a recollida de madeira, mel ou cogomelos que realizan é para autoabastecemento dentro da comunidade; así mesmo o caso de estudo enmarcado no activismo pola defensa da terra non cultiva ningún tipo de produto, polo tanto non desenvolve ningún tipo de venda.

No caso de Amarelante, os canles de comercialización empregados son curtos, a través da venda directa na súa fábrica ou a través da páxina web, así mesmo, a través da venta online só envían pedidos dentro da zona territorial na que se atopan, Manzaneda. Isto débese a unha cuestión social, xa que segundo a lóxica da cooperativa, se un territorio che ofrece materia prima para unha actividade económica, ese produto elaborado debe ser devolto a dito territorio.

No caso de Burbullas de Sol, decántanse tamén polos canles curtos de comercialización a través da venda directa seguindo dúas estratexias. Por unha banda, venden nun mercado agroecolóxico local, mercado que organizan e xestionan con outras persoas produtoras. Así mesmo, seguindo a lóxica da cooperación, desenvolven o proxecto: Non é o mesmo, froito da organización entre varias persoas produtoras, realizan unha oferta conxunta a varias tendas locais da zona de Santiago de Compostela, establecendo prezos fixos para os produtos dos diferentes proxectos que participan.

Ribeiregas, súmase á venda directa en verán a través da participación en varios locais da zona de Ribadeo e Foz, colaborando coas persoas produtoras dos mesmos. Durante a época de inverno, realizan venta online a través da súa páxina web, localizando a venda só o territorio galego.

5.2.7 PERSOAS PARTICIPANTES E RELACIÓNS DE XÉNNERO NOS CASOS DE ESTUDO

Para comezar este apartado, elaboramos a seguinte táboa na que presentamos o número de persoas participantes nos diferentes casos de estudo, amosando o número de persoas do

espectro feminino, do espectro masculino e de identidades non binarias que participan nos mesmos.

Tipoloxía	Caso de estudo	Persoas do espectro feminino	Persoas do espectro masculino	Identidades non binarias
CMVMC	CMVMC de Vincios	30	95	0
	CMVMC de Foxo de Vilar	7	5	0
P.A	Amarelante	4	4	0
	Burbullas de Sol	1	1	0
	Ribeiregas	2	0	0
A.P.D.T	Monfero Di Non	ND	ND	ND

*Táboa 6: Persoas participantes dos casos de estudo
Fonte: Elaboración propia*

A través dos datos presentados na *Táboa 6: Persoas participantes dos casos de estudo*, extraemos varias conclusións:

No caso das CMVMC, a de Vincios presenta un total de 125 persoas participantes, pola contra a de Foxo de Vilar reduce a súa participación a 12 persoas, este contraste na participación de persoas ven relacionado coa localización de ditas comunidades, xa que mentres que a CMVMC de Vincios se localiza na zona litoral e polo tanto máis urbana, a de Foxo de Vilar sitúase na galiza baleirada, onde a porcentaxe de despoboación das aldeas moi elevado.

Así mesmo, é importante resaltar que na CMVMC o número de persoas participantes do espectro feminino é de 30, mentres que do masculino 90 observando unha elevada masculinización na participación. Ante os datos e a través da entrevista realizada á CMVMC de Vincios citamos a baixa participación de persoas do espectro feminino nas CMVMC, cando entrei díxéronme “que non estaban acostumados a ver mulleres nas

mancomunidades, que era unha cousa de homes”, debido por unha banda ó rol de coidados e reprodución que levaron ás súas costas, así como polo desposuímento das súas voces no espazo público. Esta situación continúa a acontecer na maioría das CMVMC, xa que o rol de coidados segue a recaer nas persoas do espectro feminino presentando dificultadas para a participación no espazo público debido á conciliación. Por outra banda, a falta de xente nova comuneira, dificulta que as dinámicas dentro das CMVMC muden, xa que as asembleas seguen a estar conformadas maioritariamente por homes maiores, e cando unha persoa do espectro feminino participa, o paternalismo que se observa é latente. Con todo, as dificultades coas que se atopan as persoas do espectro feminino para intervenir na xestión do seu territorio, teñen provocado un efecto rebote, provocando que cando entran en espazos masculinizados o fagan cunha forza creativa, nesta liña a persoa entrevistada comenta “ *de feito, particularmente, penso que as mulleres somos máis sensatas á hora de facer e solicitar iniciativas, os homes ás veces piden tonterias (unha papeleira?), nos somos máis sensatas, reflexionamos sobre elo previamente*”. Nesta liña, conectamos o trasladado pola CMVMC de Vilar coas lóxicas de coidado e da sustentabilidade da vida referenciadas polo ecofeminismo, mais sen caer nunha visión esencialista, as persoas do espectro feminino tiveron historicamente un rol asociado á interdependencia, priorizando a dimensión relacional e afectiva coa comunidade e co medio por riba dos intereses económicos.

Seguindo esta idea, damos paso á CMVMC de Foxo de Vilar, a cal contrasta coa de Vincios nalgunhas características. En primeiro lugar o número de persoas participantes do espectro feminino é de 7 fronte a 5 persoas do espectro masculino. Isto seguindo as verbas dunha persoa participante débese a que “*varias das casas habitadas da aldea están formadas só por mulleres*”, isto visibiliza que os modelos de habitabilidade e familia comezan a mudar no rural galego, facilitando a maior presenza das persoas do espectro feminino na xestión do territorio. Así mesmo, recalcan que “*a miña comunidade é un pouco atípica non? porque nos ó final somos unha comunidade veciñal, pero de persoas que non somos do territorio, no? Eh, entón como que si, que hai participación de mulleres e non hai como por exemplo noutras comunidades o feito de que ás mulleres non se lle teña en conta na participación*”. Isto relaciónase en contraposición á de Vincios, con que as persoas participantes na CMVMC son persoas que volven ó rural baleiro por escolla vital de crear

unha vida en base ó territorio, pertencendo á idade adulta e polo tanto presentando nalgúns casos novas lóxicas de funcionamento.

No caso dos proxectos agrocolóxicos observamos que non existen grandes diferenzas entre os mesmos, amosando no caso de Amarelante e Burbullas de Sol o mesmo número de persoas do espectro feminino que masculino, e no caso de Ribeiregas conformando a totalidade de participantes persoas do espectro feminino. No mundo rural galego, como xa se citou, o papel das persoas do espectro feminino foi e está a ser determinante, xa que era a *muller* a que traballa na horta para o autoconsumo, encargándose do gando e tamén cociñando e coidando da familia. Neste sentido, que a participación de persoas do espectro feminino en experiencias como as dos casos de estudo, onde a centralidade dos coidados da comunidade e do medio son centrais non sorprende. Citamos nesta liña, que a escolla de ditas experiencias non é casual, senón que visibilizalas era para o traballo un dos obxectivos, xa que os tres casos de estudo de produción agrocolóxica asumen os postulados da economía feminista, os cales teñen como eixo de acción o coidado da vida, a satisfacción de necesidades básicas e na sustentabilidade da vida. Onde as persoas do espectro feminino, protagonistas nunha agricultura máis de pequena escala, diversificada, atesourando os saberes ligados á conservación de sementes, dos ciclos da terra, da idiosincrasia de cada territorio, constitúen unha alternativa certo ó modelo agroindustrial e capitalista.

Se falamos do activismo pola defensa da terra, Monfero Di Non aparece na *Táboa 6: Persoas participantes dos casos de estudo*, con *, xa que conta con máis de 1700 adhesións, máis non existe contabilización das persoas participantes do espectro feminino e masculino. Así mesmo, a persoa entrevistada en representación de Monfero Di Non comenta que “*algo que pasa en todas as plataformas é que as que están á fronte son mulleres, e eu penso que é porque é unha cousa que afecta moito á vida, ó coidado da terra*”. Este coidado, pola educación recibida, tórnase máis relevante na mirada feminina, máis receptiva e con maior implicación na defensa do mesmo. Quizais, por elo, como traslada Monfero Di Non, moitas das persoas máis activas no movemento pola defensa da terra sexan as persoas do espectro feminino, mais isto non significa que sexan as máis visibles, xa que como comentan Ribeiregas “*non podemos esquecer que aínda que os*

colectivos estean sensibilizados, tamén teñen comportamentos e dinámicas patriarcais”, polo que aínda que haxa unha sensibilidade positiva cara á presenza das persoas do espectro feminino no activismo, nos proxectos agroecolóxicos ou nas CMVMC, a participación efectiva das persoas do espectro feminino non é aínda tanxible.

A través dos datos presentados nos diferentes casos de estudo, observamos que en ningún deles participan persoas de identidade non binaria. A falta de representación e visibilidade das identidades non binarias en proxectos do rural galego é un problema complexo que se pode analizar dende diferentes perspectivas. Por unha banda, as zonas rurais presentan un grao baixo de politización sobre diversidade sexual e xénero, isto pode levar á falta de comprensión das identidades non binarias e á perpetuación de estereotipos e prexuizos. Nesta liña, as persoas non binarias poden enfrontarse á estigmatización e á discriminación en calquera lugar, pero nas zonas rurais, onde a comunidade é máis pequena e está máis estreitamente conectada, pode darse de xeito máis sinxelo o rexeitamento social. Ademais, os cambios culturais tenden a ser máis lentos nas zonas rurais que nos medios urbanos, así a aceptación de identidades non binarias e outras expresións de xénero diversas poden tardar máis en implantarse nestas comunidades. Finalmente, outra dos posibles factores é que as persoas non binarias poden sentirse illadas nas zonas rurais debido á falta de comunidades e redes de apoio que comprendan as súas experiencias.

É importante destacar que estes retos non son insuperables e que o cambio é posible en calquera entorno. A educación, a sensibilización e o diálogo poden xogar un papel crucial para promover a aceptación e inclusión de identidades non binarias nos proxectos do rural galego, e noutros lugares.

5.2.8 ORGANIZACIÓN DOS CASOS DE ESTUDO

Para presentar a forma organizativa dos diferentes casos de estudo, seguiremos as categorías de CMVMC, proxectos agroecolóxicos e activismo pola defensa da terra.

En canto ás CMVMC, tanto a de Vincios como a de Foxo de Vilar, desenvolven asembleas nas que participan todas as persoas implicadas, denominadas como comuneiras. Estas asembleas son destinadas a debater sobre os pasos a seguir dentro da comunidade, en

relación a propostas de xestión do monte ou desenvolvemento de actividades. Así mesmo, as tomas de decisións resólvense a través da Xunta Reitora, un órgano de decisión propio das CMVMC, que se renova cada catro anos. Nesta liña, existe unha clara diferenza entre a CMVMC de Vincios e a de Foxo de Vilar, xa que a de Vincios presenta Xunta reitora, debido ó alto número de persoas participantes, por elo, estableceron dito órgano de decisión para facilitar a toma de decisións. Así mesmo, citar que a Xunta Reitora está conformada por oito persoas, e só dúas son do espectro feminino, comenta a comuneira entrevistada, que isto débese á masculinización histórica das CMVMC, mais que a baixa participación das persoas do espectro feminino estase a reverter pouco a pouco. No caso da CMVMC de Foxo de Vilar a toma de decisións realízase a través da asemblea xeral, contrastando isto coa forma organizativa de Vincios, debido ó número reducido de persoas participantes en dita CMVMC. En canto á distribución de tarefas estas son asignadas a través de criterios de apetencia, dispoñibilidade de tempo e recursos.

En canto ós proxectos agroecolóxicos, Amarelante realiza asembleas mensuais atendendo ás necesidades de xestións. Resolven a toma de decisión a través do consenso, vetando todas as propostas que non alcancen a unanimidade. Así mesmo, as tarefas son distribuídas a través de áreas temáticas que se corresponden coas formacións profesionais das persoas participantes, neste sentido, asumen que cada unhe desenvolve e toma decisións “menores” de xeito máis orgánico sobre tarefas do día a día que corresponden coa súa función concreta dentro da cooperativa. Seguindo coa distribución de tarefas, todas as persoas participantes realizan as actividades de xestión e de campo, distribuindo só tarefas relacionadas coas actividades formativas ou de transformación de produtos que afirman estar relacionadas cos perfís profesionais que desenvolven.

Tanto Burbullas de Sol como Ribeiregas, ó estar conformadas por só dúas persoas en cada caso, desenvolven a organización e a toma de decisións de xeito orgánico, realizando asembleas cando é preciso levar a cabo algunha xestión, así mesmo, os dous proxectos resolven a toma de decisión a través do consenso. Resaltamos neste punto en canto a Ribeiregas, que *“temos un protocolo para as reunións semanais, e precisamos de formacións en facilitación para poder acadar resultados, puxemos moito énfase nisto, na importancia da facilitación e na resolución de conflitos. Todo isto parécenos necesario*

porque moitas veces se mesturan moitas cosas, non?”, amosando a importancia que requiren os procesos grupais, recalcan en varias ocasións a necesidade de mecanismos e ferramentas para a facilitación de grupos e a resolución de conflitos que poden darse nos mesmos.

En relación ó activismo pola defensa da terra, Monfero Di Non, presenta unha organización asemblearia por consenso a través de grupos de traballo específicos das diferentes áreas de traballo que desenvolven. Neste caso non se afondou nas lóxicas organizativas por escaparse dos obxectivos do presente traballo.

Para concluír dito apartado, rescatamos que todos os casos de estudo analizados presentan mecanismos de democracia directa e cultura asemblearia, mais resaltar que os casos de estudo con menos persoas participantes e con presenza de persoas do espectro feminino na súa totalidade ou paritariamente, coidan os procesos de organización de xeito máis directo.

5.3 MATERIALIZACIÓN DO CONFLITO CAPITAL – VIDA NOS CASOS DE ESTUDO

Ó longo deste epígrafe, van a identificarse e analizarse as problemáticas materializadas en torno ó conflito capital – vida, para pescudar como ditos conflitos inflúen sobre a ecodependencia e a interdependencia no rural galego. Así mesmo, analizaremos por separado a produción agroecolóxica da xestión e dinamización do monte, xa que observamos certos matices na materialización do conflito capital – vida.

5.3.1 MATERIALIZACIÓN DO CONFLITO CAPITAL – VIDA: PRODUCCIÓN AGROECOLÓXICA

A continuación, presentaranse as problemáticas identificadas en torno á materialización do conflito capital – vida sobre a ecodependencia no que respecta á produción agroecolóxica, a través das entrevistas realizadas ós casos de estudo.

5.3.1.1 DESPOBOAMENTO E DISPERSIÓN TERRITORIAL

Para comezar é preciso sinalar, que a realidade galega é a dun territorio desvertebrado na época do Capitaloceno, unha época marcada por cambios globais que afectan ós usos do

solo, á polaridade no territorio ou ó cambio climático, entre outros; atravesados así mesmo, pola gran aceleración seguindo a Hibbard et al. (2006). Todo isto materialízase no territorio galego con algunhas características como son a xestión do minifundio, o despoboamento rural, os desequilibrios de densidade de poboación ou a súa dispersión.

Dende o punto de vista demográfico é claro que Galiza é un caso paradigmático de pirámide invertida cun grande desequilibrio de poboación *rural/urbana*. Nesta liña, Amarelante cita o seguinte: “*O despoboamento do rural ven dado polo éxodo da xente nova, o crecemento vexetativo é negativo, e para nós desenvolver unha actividade deste tipo (recuperación de soutos e produción de castaña) no rural, supoñía contribuír a que a poboación de Manzaneda non seguise diminuíndo. A poboación do rural de Manzaneda dispoñía dos soutos, mais non da capacidade de traballalos e coidalos debido á súa avanzada idade, de aí xurde a sinerxía entre as persoas maiores que dispoñían das terras, e as máis novas que queríamos traballar Neste sentido, parecíanos esencial incluír a transformación dos produtos para poder devolver algo máis tanxible á comunidade*”. Seguindo esta idea, no chamado Mapa da Galiza Baleirada aparecen xa máis de 1700 núcleos de poboación abandonados, 9200 aldeas con menos de dez veciñas ou veciños e o 10,5 % dos concellos con menos de 1000 habitantes. Existindo, seguindo a Lois González (2014), unha marcada concentración urbana no litoral galego fronte á Galiza baleirada. Representando esta última o 80% da superficie do territorio galego habitado por tan só a metade da poboación, materializándose isto no abandono das aldeas e o monte, o avellentamento da poboación que alí permanece e, polo tanto no despoboamento rural.

Outra das características do rural galego, é a que suma Amarelante, falando sobre a disposición parcelaria, comentando que dispoñen de “*700 parcelas, con só 5 castiñeiros moitas delas...*”, dificultando a colleita e aumentando o traballo debido á totalidade de fincas que xestionar. Ribeiregas comparte a problemática, xa que os terreos que traballan atópanse dispersos pola contorna debido ás diferentes formas de propiedade que exercen “*unhas son ocupadas, outras propiedades de Luz, e ademais empregamos terras do monte man común a través da recollida de bulime para a compostaxe*”. Observamos que a dispersión territorial parcelaria galega e a súa propiedade xogan entón un papel central, pola dificultade que isto xera á hora de acceder a un terreo (non disperso) para o

desenvolvemento de proxectos tanto de recuperación como de produción de alimentos, debido por unha banda á súa distribución no territorio o que dificulta o desenvolvemento da actividade agrícola, así como pola tipoloxía de propiedade á que se pode acceder. Nesta liña, é importante recalcar, que a dispersión parcelaria implica a existencia de pequenas e moitas parcelas que pertencen a diferentes persoas propietarias, o que supón que o acceso a terreos que ligan sexa moi complicado debido as múltiples negociacións a realizar coas persoas propietarias, de aí, que haxa que recorrer a diferentes formas de propiedade para a adquisición de terreos próximos.

5.3.1.2 PRIVATIZACIÓN, ACAPARAMENTO E ACCESO Á TERRA

“Ás persoas que son propietarias do monte mais que non habitan preto, non lles interesa o monte, por iso, venden as súas propiedades a empresas por conseguir cartos, mais están totalmente desvinculadas do territorio e do rural” (Monfero Di Non). Así, o despoboamento rural galego provoca que moitos dos terreos, pertencan a persoas que se atopan fóra do propio territorio e non estean vencelladas ó mesmo, isto xera dúas realidades, unha na que as persoas propietarias que se atopan fora vendan os seus terreos a empresas privadas ou os abandonan, e outra, na que as persoas que poñen o corpo no territorio, como é a situación dos seis casos de estudo, se sitúen e estean atravesadas polo contexto, loitando pola sustentabilidade da vida e do territorio.

Nesta liña, Ribeiregas suma que *“a situación do monte cando nós chegamos a Negueira era todo conxunto, agora, unha das persoas propietarias quería a súa parcela e tivemos que aceptar porque foi por vía xudicial. Ou sexa, ó final, os intereses individuais fronte ós colectivos, ou tamén iso de sacar e sacar, non aportan nada ó monte, todo é sacar, sacar, sacar e non pensar en que pode necesitar o monte, con esa maneira de pensar é imposible xestionar colectivamente o monte”*. A través do exposto por Ribeiregas, podemos observar o proceso de transformación sobre a propiedade dos terreos en Galiza, transformándose o colectivo en propiedade individual, isto unido á desvinculación co territorio das persoas propietarias que non habitan no rural, provoca que o rural abandonado sexa o espazo perfecto para que as lóxicas da acumulación a través da agroindustria e os proxectos industriais eclipsen o agro galego.

Continuando co problemática da propiedade e centrándonos nas mancomunidades de montes, CMVMC Foxo de Vilar comenta que *“cando cheguei, houbo un proceso de litixio sobre a CMVMC que se conseguiu frear, a pesares de que outros montes se privatizaran antes. E eu penso que si non se houbera freado, houbera levado a unha dinámica de privatizalo todo, porque xa viña o monte de Ernes (colindante) dun proceso de privatización no que vai quedando menos xente e se vai creando un conflito entre as persoas que están aquí vivindo coas persoas que teñen terreos aquí pero que viven fóra, e entón deciden que para que todos poidan acceder á terra a privatizan. E como con esa parte aí económica, priorizando esa parte económica para que todo o mundo poida sacar cartos do monte, esquecendo outras funcións que teñen o monte e as comunidades”*. Observamos así, como non son soamente as propiedades privadas individuais as que comulgan coa lóxica de mercado, senón que tamén a través das administracións se promove a privatización de terreo público co obxectivo de producir beneficio económico a pesares de dismantelar os recursos do monte e da comunidade, sendo un claro reflexo de conflito capital – vida. Polo exposto, rescatamos a metáfora da produción exposta por Naredo (2006), para dar conta de como a lóxica e organización individualista dos mercados capitalistas se centran no monetario, sacando cartos do monte como comenta a CMVMC Foxo de Vilar, invisibilizando ó territorio e á natureza. Así mesmo, en contraposición a dita dinámica, recalcamos o traballo e valor de comunidades como a de Foxo de Vilar na resistencia e propostas de alternativas de coidado ó monte seguindo as lóxicas colectivas labregas ata conseguir frear o proceso de privatización do monte.

A MCVMC de Vincios suma ideas comentando como a proposta de Lei de montes ILP (nova proposta de lei de setembro 2022) a cal foi rexeitada polo parlamento galego, xa que *“queren eliminar o carácter xermánico e ter eles o poder sobre o monte. É unha das controversias entre nos e os políticos. Neste sentido si hai comunidades abandonadas, os terreos pasan a ser propiedade da Xunta que pode alugalos ou vendelos a empresas privadas, xustificando o non aproveitamento forestal. Si é certo que si a comunidade se reactiva os terreos son devoltos, mais en que estado?”*. Así mesmo, a situación dos terreos de utilidade pública son empregados, atendendo ó que nos contou Monfero Di Non como *“sacrificio do territorio en aras dun negocio privado, exprópanse por ser de utilidade*

pública, pero utilidade pública de que, se o beneficio vai a ser para unha empresa privada. No de todos non vale o interese individual". Observamos de novo, como a lóxica do capitaloceno é o aproveitamento da Galiza baleirada para así empregar os recursos naturais en aras do beneficio económico. É preciso citar unha das ferramentas que emprega o sistema capitalista para o desmantelamento de recursos naturais, a neocolonialidade do rural, *"é un acaparamento de terras, esa terra que se vende nunca vai a volver á xente. E a xente non é consciente. E o que temos é contaminación para a nosa produción. Unha ameaza a nivel contaminación"* (Burbullas de Sol), así son acaparados a través da privatización os espazos que pertencen á periferia (rural galego), despoñíndo ás comunidades dos mesmos e dunha xestión sustentable para que así, a través da súa privatización prime o rendemento económico fronte a sustentabilidade do entorno.

5.3.1.3 INTENSIFICACIÓN AGROGANDEIRA – EMPRESARIAL NO RURAL GALEGO

As características e procesos citados ata o de agora, como o despoboamento e avellentamento da poboación, a dispersión parcelaria, e os procesos e lóxicas capitalistas de neocolonialidade no rural galego, preséntanse atravesados á súa vez, polas transformacións acaecidas pola revolución verde e a transición na dinámica da agroindustria cara un modelo de produción químico – mecánico. Todo elo, está sendo empregado para promover modelos industriais de produción, aumentando o destino de grandes cantidades de terreo para actividades industrializadas como o cultivo de viñedos, eucaliptos, minaría ou parques eólicos, entre outras. Así, o INE contabiliza en Galiza unha superficie agraria útil de 630.478 hectáreas en 2022, 137 000 menos ca en 2007, onde o 90 % dos proxectos agrícolas e gandeiros teñen menos de 20 hectáreas. Máis polo miúdo, seis de cada dez titulares de terras agrarias teñen máis de 55 anos e, o 57 % das persoas titulares son *mulleres*, mais en granxas de menos de 10 hectáreas; *"a integración das mulleres en moitos dos eidos masculinizados é complicada"* (Burbullas de Sol), así a mocidade e as *mulleres* son as grandes prexudicadas no acceso á terra agraria.

Neste plano, Burbullas de Sol comenta que *"están aumentando as zonas de viñado, facendo acaparamento de terras polos grandes viñedos e mercado monte privado. Dende o 2021*

está o auxe dos viñedos, contaminando as terras do redor xa que se instalan monte arriba sen ningún tipo de plan ambiental provocando erosión, contaminación de acuíferos e escorremento entre outros. Coa venta de terras para viñado non hai maneira de controlar as derivas dos seus produtos e poñen en risco a nosa produción, non te podes protexer ante unha viña, tes que marchar”. Observamos como o conflito capital – vida se materializa, debido, a como comenta Burbullas de Sol, á tendencia a que os mercados sexan dominados por grandes empresas que posen o capital para invertir en terreos, maquinaria e tecnoloxía, concentrándose en terreos de gran tamaño dedicados ó monocultivo, e por elo, ó comercio de longa distancia, provocando isto, que as producións agroecolóxicas ou a agricultura de pequena escala diminúan e estean rodeadas por explotacións grandes e especializadas, menos resilientes e máis contaminadas, provocando filtracións nas propiedades agroecolóxicas ou de pequena escala próximas.

Ribeiregas suma que *“as persoas produtoras da contorna empregan veneno e pesticidas, isto contamina ós nosos prados e as nosas hortas”*, así, o incremento de grandes empresas do agronegocio no rural galego, ven tamén da man do incremento de pequenos agricultores que incorporan inputs como sementes da industria de patentes, e abonos ou fertilizantes químicos promovidos pola agroindustria para alcanzar as exixentes demandas da produción capitalista, demandas que se non se alcanzan implicarán a caída en pico dos ingresos de pequenos agricultores pola competencia que sofren coa produción industrial, así como polo respaldo dos permisos que a normativa de produción agrícola facilita dentro do marco do agronegocio, reflectindo isto o conflito de lóxicas e prácticas entre o agronegocio e os proxectos agroecolóxicos que conforman os casos de estudo.

Así mesmo, o modelo industrial de produción de alimentos, provoca que as persoas propietarias xoguen cada vez un papel máis residual, como meras intermediarias na cadea de produción, mais practicamente sen control sobre os medios de produción, sobre o mercado de insumos e o produto final. Nesta liña Ribeiregas comenta que *“estamos vivindo épocas moi tolas, non? que traemos a alimentación das persoas dende 8.000 quilómetros de distancia. Que é un momento que temos para cuestionarnos cal é o modelo produtivo que temos así como o modelo de habitabilidade; as cidades son cada vez menos habitables, os corpos cada vez están máis enfermos, ou sexa, eu non coñecín unha época*

na que houberse tantas intolerancias, persoas con sensibilidade química múltiple, persoas con sensibilidade á radiación, ataques de corazón... Neste sentido trasladar que comer da casa non sempre é sinónimo de comer ben, de feito, os casos de cancro así próximos son de persoas que empregan herbicidas e demais, están como moi á orde do día, ou sexa, comer da casa non é comer sa”. Seguindo o discurso de Riberegas, a globalización do sistema alimentario fainos vulnerables, rachando coa soberanía alimentaria debido á dependencia á importación de alimentos, a través dos longos quilómetros que teñen que percorrer así como pola cantidade de conservantes e químicos que se deben incorporar para a súa conservación, provocando isto que a inseguridade alimentaria estea a orde do día, así como que os coñecementos ecolóxicos locais e de agrobiodiversidade se perdan.

5.3.1.4 AS POLÍTICAS AGRARIAS COMO PROBLEMA PARA O RURAL GALEGO AGROECOLÓXICO

É preciso recalcar o papel que os gobernos e as políticas públicas presentan apoiando á agroindustria e desprotexendo á pequena produción agroecolóxica, Amarelante comenta: *“que a PAC dá cartos por explotación, pero non dá cartos por recuperación, que realmente sería o que debería importar. Xa que á hora de establecer os criterios de adxudicación de axudas, a recuperación ou a sustentabilidade se quedan fora, porque primeiro prima a produción e a rendibilidade económica. Así mesmo, a Consellería de Medio Ambiente, establece tamén os criterios de axudas atendendo á mesma liña da PAC, polo que polo noso perfil non entra en ningunha convocatoria”. Nesta liña, observamos como as políticas públicas como por exemplo a PAC, son instrumentalizadas estratexicamente polos Estados para manipular a opinión pública de cara a xerar apoio as súas políticas, pero sen unha motivación xenuinamente ambiental. En consecuencia, e como traslada Amarelante, estas políticas son diluídas e desvirtuadas durante os procesos de implementación nun contexto de mercado, non podendo enfrontar escenarios de inseguridade alimentaria e emerxencia climática.*

Burbullas de Sol suma neste sentido que *“ dentro da PAC, non hai axudas para as pequenas producións senón por extensión de terreo. Para a pequena produción en Galiza non hai ningunha axuda. Non se aposta polas pequenas producións. A PAC e a*

administración realizan convocatorias con criterios excluíntes para as pequenas producións”. Así mesmo, *“estamos desprotexidas pola administración, nos temos o certificado do Craega, estamos pagando por el, mais non che dá dereito a nada, é algo moi grave. Non tes nada de protección, por exemplo se na finca do lado comezan a empregar químicos*”. Como comenta Burbullas de Sol, as políticas públicas veñen marcadas cunha clara intención de aproveitamento do que pretenden ser novos nichos de negocio, deixando de lado o sostemento a pequenas producións e tomando posición do lado das grandes empresas e industrias, como por exemplo en Galiza, que podemos citar a produción de viño ou o mercado de emisións de CO2.

5.3.1.5 AS VARIABLES DE XÉNERO

Neste contexto, a PAC como extensión do proxecto económico neoliberal non presenta medidas para cuestións sociais como o emprego, os impactos sobre terceiros territorios ou as condicións desiguais que as persoas do espectro feminino, identidades non binarias e a xuventude presentan. Amarelante traslada que *“a crise afectounos sobre todo ás mulleres e, cando quixemos por en marcha iniciativas empresariais, non tiñamos a quen recorrer, non tiñamos ferramentas*”. Conectamos a idea de Amarelante co termo *precarity* seguindo a Butler (2009), quen argumenta como o subalterno, é dicir, aquilo que non responde á normatividade, neste caso as persoas do espectro feminino, se instalan nun grao de vulnerabilidade maior ante algúns sucesos. Nesta liña, conectamos dita proposta cos dualismos opresivos e o mundo rural, establecendo así un paralelismo e, observando como as persoas do espectro feminino en contraposición ó BBVA, e inscritas no mundo rural en contraposición ó urbano, se presentan na condición de precariedade, marcades pola imposición das lóxicas de acumulación.

Seguindo os dualismos opresivos, e a ferramenta de denegación dos mesmos, no que o par subalterno, neste caso, as persoas do espectro feminino, se invisibiliza, Burbullas de Sol comenta que *“as mulleres, a pesares de estar presentes e participar tanto nos proxectos agrocolóxicos como en produción tradicional a pequena escala, non estamos visibilizadas neste campo, non sae a nivel público, a nosa participación está pechada ós mercados e ás prazas de abastos*”. Así, dende o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, co

Plan para promoción das Mulleres do Medio Rural (2015-2018) preséntase a tendencia de que a pesares da implicación e participación das mulleres nas explotacións agrícolas e gandeiras, o seu papel continúa a ser imperceptible debido a que estas seguen sen posuír a titularidade das explotacións o que se materializa na non remuneración nin na adquisición de dereitos, conectando directamente coa invisibilidade das persoas do espectro feminino e identidades non binarias, e a súa responsabilidade sobre a sustentabilidade da vida a través da apropiación en balde do seu traballo en aras da acumulación de capital.

A asociación de cooperativas de Galiza (AGACA, 2022), sinala que a porcentaxe de persoas do espectro feminino asociadas é do 46 %, a súa presenza nos consellos reitores dun 16% e o número de presidentas un 6% do total. A administración admite a falta de oportunidades das persoas do espectro feminino no acceso ó emprego, á titularidade da terra ou á toma de decisións. Por todo elo concluímos que, as condicións das persoas do espectro feminino e do rural galego son específicas e non se están a ter en conta, pola contra, a agroindustria ataca contra as condicións materiais que están a soste-la vida, a través da acaparamento e contaminación de terras, convertendo á agricultura de pequena escala nunha actividade marxinal, e deixando sen opcións a miles de persoas do espectro feminino das áreas rurais.

5.3.2 MATERIALIZACIÓN DO CONFLITO CAPITAL – VIDA: XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO MONTE

A continuación, presentaranse as problemáticas identificadas en torno á materialización do conflito capital – vida no que respecta á xestión e dinamización do monte, a través das entrevistas realizadas ós casos de estudo.

5.3.2.1 REFORESTACIÓN E SECTOR MADEIREIRO

Para comezar é preciso sinalar que en Galiza nas últimas décadas, levouse a cabo un proceso de homoxeneización nos usos do solo fronte á variedade dos usos propia dunha economía agrícola tradicional. Segundo os datos recadados por Corbelle Rico e Crecente Maseda (2018), só entre 1985 e 2005, o uso do solo cambiou o 43,2 % da superficie total de Galiza. Sendo as principais direccións a forestación de áreas de mato e de superficie

agrícola (235.000 e 158.000 hectáreas), o paso a mata de áreas arbóreas produtoras de madeira (131.000 hectáreas), a decrúa de áreas de mata para uso agrícola ou gandeiro (130.000 hectáreas), e o abandono a mato de áreas de uso agrícola anterior (106.000 hectáreas). Polo que, en canto á ocupación do territorio podemos considerar que Galiza segue a mesma tendencia mundial no referente á reforestación.

Amarelante nesta liña traslada que *“a nivel autonómico o único que prima é a rendibilidade económica por metro cadrado e canto producen os exemplares plantados, que se retiren os vellos e se planten novos, e ambientalmente non se pode sustentar unha medida dese tipo. Por esa parte sentímonos soas e abandonadas, xa que non nos teñen en conta nas medidas que estipulan, as únicas axudas que conceden son para plantar en territorios onde nos non entramos. A administración non nos escoita, xa que as medidas dá a administración evolucionan en aras do rendemento económico”*. Como reafirma Amarelante, a tendencia dende o prisma da administración é a reforestación en aras do beneficio económico, así *“a superficie arborada pasou de menos de 10.000 km cadrados a case 15.000 km cadrados en 60 anos, incrementando o 50%”* (Martínez-Cabrera, 2017, p. 42), ocupando os espazos que estaban a ser desposuídos da súa función agraria tradicional. As causas son varias, estruturais e funcionais, entre elas, podemos destacar a escasa mobilidade da propiedade, o pequeno tamaño medio das propiedades e a presión sobre as pequenas explotacións froito da PAC e da apertura do mercado a empresas privadas, así como a ausencia de ordenamento territorial.

Na liña anterior, a CMVMC de Foxo de Vilar comenta que *“durante a pandemia houbo un procesazo no monte cunha empresa que empregaba os fondos Next Generation para xogar coa captación de CO2. A empresa empregaba ás CMVMC subvencionando plantacións de eucalipto por medio de fondos de grandes empresas para poder facer un lavado de cara en torno á emisión de CO2. Pero ó final si que puido haber unha reunión coa empresa e aí púidose facer as preguntas para que cantasen e a xente realmente vise que había fume, que non había nada sólido no que traían e que simplemente era iso, un lavado de cara das grandes empresas. De feito, esa mesma empresa acabou facendo un corredor verde no concello do lado de 400 km. Ó final a xente que non está vivindo no territorio ten esa dualidade, de ter vivido no común, pero que marcharon e que agora se aferran a iso aínda*

que sexa por faragullas, non? Entón acepto un muíño ó lado da miña casa porque me dan enerxía gratis ou me dan 4 pesetas....”. Neste sentido, observamos que Galiza segue a corrente mundial, mais non a europea, xa que só Galiza e Portugal se atopan inmersos en dito proceso de reforestación, no que se substitúe a cuberta de especies autóctonas por monocultivo intensivo de eucalipto ocupando amplas superficies do territorio, mais non só se ocupa o espazo forestal senón que tamén se asolagan terras agrícolas ou de monte, como comenta a CMVMC de Foxo de Vilar rachando coa multifuncionalidade propia do territorio. No contexto galego, debemos citar á máxima representante do sector madeireiro especializado no eucalipto, a empresa ENCE, iniciando unha demanda ascendente de materia prima dende os anos 90 por parte das celulosas en Pontevedra e Navia. O proceso de espallamento do eucalipto polo territorio galego foi rápido mais desigual, así no “ano 2023 recóllese o dato de que o 28% da superficie arborada de Galiza corresponde a poboacións de eucalipto” (Inventario Forestal Continuo de Galicia). A este avance, debemos sumar que o prezo por tonelada de madeira está baixando nos últimos anos, á vez que aumenta a demanda destes bens, debido a isto, a consecuencia directa é a necesidade de maior cantidade de masa forestal para a intensificación das plantacións e así obter beneficios rendibles.

As consecuencias do espallamento do monocultivo de eucalipto son múltiples, Amarelante comenta que *“como proxecto, desenvolvemos unha actividade económica, mais a recuperación de soutos implica moito máis que iso. Porque nós poderíamos arrancar todos os soutos e plantar eucaliptos, que é o que quere a administración, mais isto supoñería aumentar o problema, porque me estou cargando os exemplares que están facendo o seu traballo biolóxico, os biotopos de determinadas especies, así como que os soutos se manteñan para contribuír á regulación dos incendios (soutos limpos e traballados)*. En efecto, as masas arbóreas monoespecíficas de eucalipto translocen unha rendibilidade curtopracista, tratándose de “especies de crecemento rápido altamente inflamables” (Barros Alfaro e Sánchez Agra, 2018). Polo que os rendementos económicos deben ser contrastados coas perdas e consecuencias non contabilizadas. A influencia sobre o territorio é múltiple, comezando pola diminución da dispoñibilidade da mellor superficie de capacidade agrícola; o impacto negativo sobre o pasto, contaminado polos filodios dos eucaliptos, non sendo

estes aceptados polos rumiantes na súa alimentación; as aves ven transformado o seu hábitat, desaparecendo o servizo ecosistémico do control natural de pragas; necesidade de grandes cantidades de captación do recurso hídrico en fomento da escorrentía de auga fronte ó proceso de filtración; e efecto sombra nos cultivos adxacentes pola altura como especie invasora. Falamos así da “forestación reduccionista” (Shiva, 1988):

No paradigma reduccionista, o monte límitase á madeira comercial, e a madeira redúcese á fibra de celulosa para pasta da industria papeleira. Os bosques, a terra e os recurso xenéticos son entón manipulados para incrementar a produción de pasta e a distorsión está lexitimada cientificamente na medida en que a produtividade se incrementa, mesmo se isto significa minguar a auga do bosque ou reducir a diversidade das formas de vida que constrúen a comunidade. Deste xeito, o ecosistema vivo e diverso é agredido e destruído pola forestación “científica” e o “desenvolvemento” forestal. Neste sentido, a ciencia máis reduccionista atópase na raíz da crecente crise ecolóxica, pois implica tal transformación da natureza que os ritmos orgánicos e a capacidade de rexeneración son destruídas (Shiva, 1988, p. 22).

Nesta liña, as repoboacións forestais converteron ó solo nun valor económico e acrecentaron polo tanto a destrución medioambiental, supeditando o vector ambiental monte ós intereses económicos “unha das posibles causas dos incendios forestais” (Balsa e Hermosilla, 2013, p. 502). A CMVMC de Vincios comenta que “en outubro de 2017 ardeu todo o monte, o monte estaba formado por especies como o pino e o eucalipto (primaba a xestión forestal), por iso a rápida propagación dos lumes e as graves consecuencias, xa que ardeu todo e propagouse o eucalipto polo monte de Vincios”. Así, unha das causas principais das vagas de lumes no territorio galego, como explica a CMVMC de Vincios son as extensas plantacións de eucalipto e pino pola súa natureza pirófitas, mais a pesares das graves consecuencias que isto pode ter no monte galego, a decisión por parte das empresas privadas e da administración continúa ser a de decantarse polo beneficio económico fronte ós custes medioambientais.

Así mesmo, as repoboacións forestais non son a única orixe das vagas de lumes no territorio galego, CMVMC de Foxo de Vilar afirma que *“para que non haxa incendios, o rural ten que estar vivo, ten que haber xente vivindo nel e pensando nos coidados do monte, e non a hai. Ademais non se trata de contratar só brigadistas no verán, o monte hai que coidalo todo o ano e facer tarefas de prevención, e nos temos que presionar todos os anos para que se faga a cuadrilla, xa que realmente a necesitamos porque estamos aquí apartadas e é súper importante unha cuadrilla, porque ata que chegan aquí xa hai medio monte queimado”*. Polo tanto, seguindo as ideas de CMVMC de Foxo de Vilar, e as variables citadas ó longo deste apartado, como a eucaliptización, a atomización da propiedade, o abandono do rural, a dispersión territorial, a xestión disfuncional ou a ocupación do territorio, observamos como todas elas inciden directamente na problemática dos incendios forestais en Galiza. O lume, como fenómeno multifactorial, bebe así destas circunstancias, constituíndo o ordenamento do territorio como unha peza máis a encaixar. Manifestando deste xeito que, os incendios producidos ano tras ano, non son unha problemática illada senón recorrente, a presunta intencionalidade detrás da vaga de lumes, agocha diversos conflitos e intereses, mais se pode apreciar que estes están directamente vinculados ó aproveitamento lucrativo do territorio galego. En efecto, *“Galiza rexistrou o 39% dos incendios do Estado Español entre 2001 e 2014, 87.367 dun total de 223.818”* (Martínez e Colectivo1Aun, 2017, p. 49).

5.3.2.2 MEGAPROXECTOS EÓLICOS

A ditos conflitos, debemos citar outro dos eixos de ocupación e transformación territorial presentes en Galiza: os megaproxectos eólicos. Monfero Di Non relata o que está a acontecer no territorio galego en canto ós megaproxectos eólicos: *“Dende o primeiro momento, nos preguntamos dende a plataforma si queríamos eólicas así non, ou que queríamos, e tivémolo moi claro todas, que o que queríamos era Monfero di Non ós eólicos, que non os queremos nin aquí, nin aló, nin así nin asá. Que son proxectos industriais que industrializan o territorio rural, e por iso dixemos claramente non, porque é un expolio do territorio, do rural e atenta contra a vida. Foi unha ameaza que xurdiu en Monfero contra a vida, conflito capital – vida total”*. Como comenta Monfero Di Non, o modelo industrial de parques eólicos ocupa os cumios de montes da costa e o interior

consecuencia do impulso institucional dende finais da década de 1990. Os parques eólicos viñan para diminuír a pegada climática do sector eléctrico galego, moi intensivo en emisións de CO2 até mediados da primeira década de dito século. Porén, a relevancia do impacto climático positivo do desenvolvemento eólico ficou escurecida polas eivas socioambientais das sucesivas políticas eólicas autonómicas. O diñeiro traído por parques eólicos foi distribuído moi desigualmente, causando danos ambientais en aras do progreso. Segundo o OEGA (Observatorio eólico de Galicia, 2021) un 40% da potencia eólica instalada ata finais de 2009 contribuíu á degradación de 13 espazos da Rede Natura 2000. O máis prexudicado foi a serra do Xistral, onde se instaláron 28 parques eólicos que alteraron unha extensa superficie de turbeiras da serra, zonas húmidas que captan e acumulan carbono durante milleiros de anos e que axudan na mitigación do cambio climático.

Segundo esta liña, Monfero Di Non aborda a expansión acelerada dos megaproxectos eólicos do seguinte xeito: *“está a aumentar e articularse moi rápido nos últimos anos, e é unha ameaza moi grande de centos de proxectos que se están proxectando por todo o territorio galego. Lémbrame a cando estudaba o colonialismo en África ou América Latina que estaban divididas e repartidas en cadrados a través dos mapas, pois agora o rural galego está igual, dividido en poligonais, que se están vendendo como a revolución industrial para o rural a través da transición enerxética, que provoca un baleiramento total do rural, e é unha puñalada do capitalismo á vida. Unha revolución industrial para o rural que xa está programada, a Xunta presentou un proxecto de aldeas modelo para uso turístico (de postal e de estampa), a idea é manter unhas cantas aldeas e o resto vai estar destinado para o saqueo de recursos”*. Como comenta Monfero Di Non, é importante recalcar que o modelo de enerxías renovables tende a seguir o patrón masivo, centralizado e xerárquico dos combustibles fósiles e nucleares. O 25 de xaneiro de dito ano (2023), a aprobación masiva de parques eólicos en Galiza marcan unha aceleración do proceso, son “aprobados 77 proxectos con declaración de impacto ambiental positiva, unha cifra que se materializa con 570 aeroxeneradores no monte galego” (MITECO, 2023), dos cales, unha cantidade elevada están proxectados en hábitats de especies en perigo de extinción ou sobre xacementos aínda sen prospectar.

Monfero Di Non, comenta que *“dende os partidos políticos fálase de contratar empresas galegas para que os beneficios das enerxías renovables queden en Galiza. Por exemplo, Reganosa unha empresa galega que está a producir un parque de hidróxeno nas pontes que vai a ser hidróxeno “verde” simplemente porque se vai a alimentar da enerxía eólica de toda a contorna, que son cento e pico macroeólicos bordeando as fragas do Eume... Mais a enerxía do hidroxeno verde vai a ir para unha empresa china de pneumáticos, unha empresa que tivo problemas para establecerse en EEUU pola contaminación que provocaba, e agora queren facer a planta de hidróxeno aquí. Ó final do que se trata isto é dun espolio.”* Así, observamos como conforman unha clara expresión de extractivismo enerxético, xa que as empresas privadas se apropian do monte e das terras da comunidade rural, para así extraer enerxía de hidróxeno ou eólica, e exportala cara ás urbes do outro lado do planeta, materializándose nunha profunda desigualdade, xa que unhas partes do mundo viven a costa do planeta que lle corresponde a outras, por elo, o extractivismo enerxético e o neocolonialismo xogan da man na era do Capitaloceno.

Continuando coa complexa situación da extracción enerxética, *“Había 2 proxectos en marcha cando se iniciou a plataforma Monfero Di Non, o de Taboada e o de Pena do corvo (35 núcleos habitados), e no de Taboada nin puidemos alegar, só tivemos acceso ó estudo de impacto ambiental, no que se proxectaban muíños de 248 metros de altura a escasos 500 metros das casas. E unha vez comece o proxecto se precisan terras vanas acopiar á veciñanza (para enterrar aspas ou construír outro eólico). Non ten nada que ver con salvar ó planeta, nin con xerar enerxía, nin salvar á xente, todo o contrario, é unha estafa. Xogan coa urxencia, coa urxencia climática, máis isto non ten nada que ver coa urxencia climática, ó revés, isto o que vai facer é estragar máis ó planeta, onde hai masa forestal que está retendo o dióxido de carbono, agora trátase de cavar e industrializar todo iso, e vai a favorecer o quecemento do planeta, vai en contra da vida”.* Como traslada Monfero Di Non, os proxectos eólicos son presentados como sustentables, enmascarando ó capitalismo verde, máis ó contrario, xeran transformacións que atentan contra o dereito do territorio e das comunidades, expropiando terreos e, sen unha avaliación ambiental adecuada intensifican os danos atentando contra a diversidade biolóxica. Xa que o impacto que teñen as plantas eólicas non só se limita ós enormes aeroxeradores, senón que ditos

proxectos levan consigo infraestruturas asociadas que ocupan o territorio, son as subestacións eléctricas, quilómetros de tendidos eléctricos que veñen acompañadas de máis quilómetros de pistas que se crean para o acceso dos vehículos pesados. Nicolás López Jiménez (2023), biólogo da Sociedade Española de Ornitología apunta que “as afeccións máis importantes son as miles de mortes de aves e morcegos por colisión e por electrocución coas aspas e as liñas eléctricas que serven para evacuar a enerxía” (p. 2). Neste contexto, en España poderían morrer entre 19.000 e un milleiro de aves por ano ó colisionar cos aeroxeradores. Así a lista de especies animais e vexetais que se ven prexudicadas polo agravio deste tipo de macroproxectos produce nos seus hábitats é extensa, dende morcegos e insectos a fungos e pastos. Máis os estragos non son só ambientais, senón que tamén inflúen no patrimonio cultural e simbólico de Galiza, falamos dos xacementos, dos castros, as mámoas, e a transformación da xestión territorial.

As verbas de Monfero Di Non, denuncian directamente ó capitalismo verde, ó igual que o fan as de CMVMC de Foxo de Vilar *“A min éncheme de rabia como esta parte de que todo ese financiamento destes proxectos está pintado de verde, ou sexa, a imaxe que dan é de que isto son enerxías renovables, non? Mais se están empregando un montón de cartos que veñen de Europa, e que saen de todos, que eses cartos non nacen nun lugar, non, eses cartos quítanolos a todes no noso día a día. E que en vez de estar empregando eses cartos para que realmente se faga unha transición, unha transición humana e unha transición que vaia a redundar nas persoas..., en lugar diso estase empregando para que o capital gañe máis, e iso nunha situación de colapso como a que estamos vivindo a min me retorce o corpo enteiro, xa non só as tripas, o corpo enteiro. Porque estamos nun momento límite onde estamos tirando recursos para que o capitalismo gañe máis, a min iso me supera, coa de cousas bonitas que se poderían facer con só a metade ou a décima parte deses recursos... de realmente crear territorios sostibles”*. Un capitalismo verde que pretende, a través da emerxencia climática camuflar a depredación medioambiental e a inxustiza social. Mais isto é só un traxe, xa que non é unha opción para o capitalismo, como vimos explicando, que este rache co crecemento para auto-limitar o seu desenvolvemento, isto non acontecerá, porque suporía o fin do mesmo sistema, un sistema que funciona sobre a única base de carreira cara ó beneficio económico.

A CMVMC de Foxo de Vilar suma que *“noutros territorios estanlles ofrecendo beneficios económicos, mais chegamos a un punto no que para min xa se riza o rizo ó capitalismo, á súa maneira de entender a extracción de recursos. Porque xa non chega con poñer valor a un recurso natural, senón que agora están imperando as leis de mercado para facer proxectos nos que se poidan utilizar recursos no pico máximo de capitalizar o valor. Por exemplo, dous dos proxectos que están actualmente no noso territorio son un remonte de balsa, ou sexa, de todo o que está embalsado no propio embalse e na a propia presa para remontalo. E outro é unha macro nave de baterías para acumular enerxía. Eses dous proxectos viven diso: de poder vender a enerxía no pico máximo de valor. Non é que ti vaías a empregar un recurso natural para crear enerxía, senón que empregas a lei de mercado para conseguir o máximo valor desa enerxía, entón acumulan a enerxía par poder vendela cando vala máis. Nesta liña, o rural galego segue a ser colonizado en nome do capitalismo verde, presentado como unha estratexia para soste o propio desenvolvemento, e así ter reservas de enerxía que serán empregadas para a comunidade, mais pola contra, como comenta a CMVMC de Foxo de Vilar, a enerxía que se extrae e se reserva neste tipo de proxectos, será exportada no pico máximo de beneficio para a empresa privada, manifestándose o conflito capital – vida na súa máxima expresión.*

Por outra banda, incidir no papel que xogan as políticas públicas e os gobernos no conflito capital – vida, situándose xunto ó capital fronte a sustentabilidade do entorno. Nesta liña, Monfero Di Non fala da súa experiencia: *“Todo o que se está a aprobar lexislativamente é para favorecer a implantación masiva de industrias macro renovables en todo o territorio español. Cando saíu no BOE a concesión do parque eólico, a veciñanza fomos a falar co concello, o cal nos dixo que non sabía nada, mais isto non era certo. Cando veu o técnico de Iberdrola non quixo falar coa veciñanza que estaba convocada no concello e falou soamente co alcalde. Á veciñanza só a atendeu unha persoa becario que dicía: isto vai a traer moitos cartos á vila e ides a poder ter axuda no fogar (os servizos dos que somos carentes no rural), aínda que pagando os mesmos impostos, carecemos de transporte público, por exemplo, e o que nos ofrecía era cubrir os servizos básicos que xa deberían estar cubertos”.* Así mesmo, suman *“todo xoga na contra, en xaneiro coa guerra de Ucraína, saíu o Decreto 20 , que estipulaba que para os proxectos de máis de cincuenta*

megavattios non facía falta estudos de impacto ambiental. Así o Convenio de Argus que garantía a participación pública sobre proxectos que van a afectar ó territorio, mais isto pasa pola porta de atrás, favorecido polas administracións, como por exemplo co Decreto 20, que a partir da súa aprobación xa non hai que facer os estudos de impacto ambiental nin que se poñan a disposición pública e non se admitan alegacións, é unha vulneración total dos dereitos. A estratexia que seguen é que no mesmo decreto, publicado para establecer medidas pola guerra de Ucraína, inclúen ademais as axudas ás produtoras de leite, gasolina..., e xa antes de que se publicase o decreto, xa había publicado un BOE co nome das persoas beneficiarias das axudas pola produción de leite e coa contía que ían a recibir. Así coa excusa de medida urxente pola guerra de Ucraína, incorporaron a medida urxente de produción de enerxía renovable, eliminando así os estudos de impacto medioambiental... Todas as medidas que están a implantar son para favorecer ás empresas". Como observamos a través das aportacións dos diferentes casos de estudo, tanto os gobernos como as administracións públicas botan man das urxencias, como a climática, para establecer medidas enmascaradas de sustentabilidade, mais que só benefician á permanencia do mercado capitalista. Por outra banda, promoven a introdución de empresas privadas no rural, prometendo unha mellora das condicións de vida das persoas a través do establecemento de servizos que xa deberían estar presentes, así como a través da promesa de postos de traballo para a comunidade.

Neste sentido, a CMVMC de Foxo de Vilar traslada que *"poder entender a nivel comunidade que era o que esa empresa traía e poder poñerte nunha posición para tomar unha decisión foi un procesaco, porque por una parte imperaba o feito da necesidade de traballo, e a empresa ofrecía man de obra e había nese momento moitas persoas en situación precaria, e a precariedade xoga aí un papel moi importante e é unha fenda por onde se nos poden colar. E por outra parte, había como a outra posición que en vez de poñerse en contra da empresa se poñía en contra das veciñas que querían conseguir esa man de obra, entón era como unha situación moi, moi complexa, non? Pero ó final si que puido haber unha reunión coa empresa e aí púidose facer as preguntas para que cantasen e a xente realmente vise que había fume, que non había nada sólido no que traían e que simplemente era iso, un lavado de cara das grandes empresas".* Recorremos de novo ó

termo *Precurity* seguindo a Butler (2009) para dar conta de como es subalternes, as persoas do rural galego, presentan condicións de vulnerabilidade directamente inducidas polo propio sistema capitalista, o cal desposúe ó medio rural de servizos básicos e que pretende vender a consta dese desmantelamento unha cobertura de necesidades curtopracista, afectando directamente sobre o medio natural e de supervivencia que habitan a través do expolio dos recursos naturais.

Atopámonos así nunha situación de elevada amplitude e complexidade, sendo urxentes accións concretas para evitar a despoboación e a erosión da biodiversidade. Os conflitos están á orde do día primando os aproveitamentos enerxéticos (eólicos e eucaliptos) fronte a producións agrarias a pequena escala para mercados locais e o benestar colectivo, así mesmo as incertezas sobre a incidencia dos incendios e o cambio climático sobre a dinámica da poboación atravesan o conflito, precisando decantarse pola sustentabilidade a medio e longo prazo fronte a rendibilidade curtopracista. Para elo, é primordial xestionar a crecente separación entre a poboación rural e o espazo rural que se está a producir nas últimas décadas, xa que non existe unha relación mecánica entre o abandono das terras e o despoboamento, así como tampouco existe entre dinamismo demográfico e adecuada xestión do espazo rural. Atopándonos nunha discordancia crecente na relación entre as persoas propietarias das terras, a veciñanza e as persoas ou empresas que desenvolven a súa actividade en Galiza.

5.3.2.3 O CAPITAL CONTRA A VIDA

E, en todo este contexto de dominación do modelo produtivo de explotación forestal e extractivismo enerxético que acabou atravesando os montes e o agro galego, a costa de quen se poido dar? Cal é o acceso que se lles deixou ás comunidades en todo este proceso de montes desvencellados da economía familiar e da sustentabilidade da vida?

Os cambios acaecidos e analizados, amosan como as comunidades labregas do rural galego sufriron fortemente o choque do Capitaloceno en propio corpo, a través da ocupación do territorio e do espolio dos recursos naturais do mesmo. Nesta liña, recorreremos á corporalidade para situarnos no contexto e identificar como este afecta ás comunidades labregas.

Dende aí, recuperamos a problemática do despoboamento rural, para dar conta de como o abandono por parte dos gobernos afecta á vida das comunidades labregas. Ribeiregas comenta que *“o alcalde que é unha persoa que vive en Lugo (cidade) pensa que aquí non hai futuro, polo que hai abandono por parte tanto da propia política municipal como da administración pública sobre un territorio como este, que é un territorio dunha riqueza natural e de biodiversidade brutal, e nos estamos indo a contra ritmo do sistema ”*. Seguindo esta idea, observamos como o modelo de acumulación se materializa a través da idea do desenvolvemento, afectando directamente ás comunidades labregas, xa que ó non alcanzar o “desenvolvemento” dentro dos parámetros da perspectiva económica do heteropatriarcado occidental moderno, as comunidades labregas sitúanse nunha relación análoga coas zonas urbanas, quedando desprovistas de servizos básicos e conformándose como espazo de extracción de recursos naturais. Por estes motivos, prodúcese un éxodo das persoas labregas cara as zonas urbanas, provocando que o tecido comunitario preexistente desapareza.

Nesta liña, a CMVMC de Foxo de Vilar comenta que *“é como un sen sentido non? de como rizar o rizo do capitalismo a nivel extremo, todo a costa do medio ambiente e da xente, porque ó final a xente acaba marchando porque todo é adeus monte e ola terreo industrial. O rural convértese nunha área industrial. Ademais das implicacións sobre a saúde da xente que vive do redor”*. Observamos así, como a cultura de acumulación se materializa a través de procesos de colonización, así como de procesos de industrialización e destrución do mundo labrego, os cales rachan co tecido relacional precapitalista, así como coa degradación das tarefas destinadas á sustentabilidade da vida.

Todo este enclave afecta directamente á sustentabilidade da vida , xa que *“ a vida no rural é unha aposta de vida por coidar un lugar, coidas da horta, do monte, do río, coido do trociño do mundo do que me sinto responsable, pero si de repente ese trociño do mundo vai a ser un polígono industrial eólico, e pasas a vivir rodeada de eólicos de 240 metros, co que che poden alterar todo o ecosistema que hai ó teu redor, xerando problemas de saúde polas ondas electromagnéticas que se producen coas liñas de alta tensión aéreas. Isto afecta directamente á vida, á túa saúde, e xa existen estudos de que os infrasons dos eólicos xeran cefaleas, depresións, leucemia infantil, promovendo inseguridade total na*

saúde física e emocional”. Neste sentido, identificamos como a sustentabilidade da vida non está a ser prioridade no Capitaloceno, e que a mirada androcéntrica do mercantil impregna o rural galego. Nesta liña, parece esencial identificar a interrelación entre os traballos de coidados feminizados, invisibilizados, negados e devaluados e os traballos remunerados, masculinizados e visibles, para comprender que o sistema ó que facemos referencia, depende directamente da sustentabilidade da vida. Por todo elo concluímos observando unha tendencia, a dimensión comunitaria está en perigo, empregándose ademais as características demográficas do rural como razóns para o desmantelamento dos servizos de saúde, asistencia e educación, de novo, a sustentabilidade da vida aparece en risco fronte a acumulación de capital a través do incremento da produción industrial.

5.4. ESTRATEXIAS MULTIFUNCIONAIS DOS CASOS DE ESTUDO

No marco do contexto exposto, nos últimos anos no territorio galego xurdiron numerosas experiencias agroecolóxicas co obxectivo de fuxir das dinámicas do mercado agroalimentario na procura de formas máis sostibles de xestión dos agroecosistemas, da organización dunha distribución de alimentos máis local e menos despilfarradora de enerxía, así como a promoción dun consumo social, enerxético e territorialmente menos custoso para dar resposta ó conflito capital - vida.

Nesta liña, recorreremos á definición de agroecoloxía proposta pola FAO (2017):

Como ciencia, estuda como os diferentes compoñentes do agroecosistema interactúan. Como un conxunto de prácticas, busca sistemas agrícolas sostibles que optimizan e estabilizan a produción. Como movemento social, persegue papeis multifuncionais para a agricultura, promove a xustiza social, nutre a identidade e a cultura, e reforza a viabilidade económica das zonas rurais. Os agricultores e agriculturas familiares son as persoas que teñen as ferramentas para practicar a agroecoloxía. Son as gardiás reais do coñecemento e da sabedoría necesaria para esta disciplina. Polo tanto, son as persoas agriculturas familiares de todo o mundo os elementos claves para a produción de alimentos de xeito agroecolóxico.

Seguindo esta definición, identificamos as estratexias multifuncionais que seguen os diferentes casos de estudo ante as problemáticas detectadas en torno ó conflito capital – vida. Para elo, comezamos trasladando os motivos polos que os proxectos seleccionados escolleron a agroecoloxía como ferramenta para combater o conflito capital – vida. Para Ribeiregas, “ *a selección dun modelo agroecolóxico foi o sitio. Que a xente que vive aquí tiramos polo agroecolóxico, despois xa na práctica é como unha filosofía de vida. A vida aquí é a natureza, a biodiversidade que hai aquí, o privilexio de estar aquí, e defender ese anaco de terra que está aquí sen tocar. Cando chegamos a Negueira aquí so quedaban dous irmáns dos que aprendemos moitísimo sobre tempos para sementar, de podas e enxertos, das fincas e do minifundio, de quen é cada finca. E si, para min o proxecto é como un compromiso de defender, defender o territorio*”. Partindo pois do rexeitamento de todas as formas de mercantilización da vida e da defensa do territorio e a biodiversidade, tal e como comentan Ribeiregas, a agroecoloxía busca acadar o equilibrio entre os agro e os ecosistemas, promovendo así mesmo o coidado do coñecemento das sementes, da biodiversidade, da terra e dos territorios, así como do ben común en mans dos pobos que coidan os seus recunchos de mundo a través de prácticas sustentables co medio e as comunidades.

Nesta liña para Burbullas de Sol “*a agroecoloxía é o modelo, non había outra escolla. Nas pequenas producións a diversificación agroecolóxica é o elemento central polo que nos decidimos. Por exemplo, a diversificación de cultivos fronte a un monocultivo, permite que si hai algunha perda non teñas perdas económicas nin que es consumidores se queden sen produtos xa que existen outras variedades. Traballar a diversificación é fundamental. Así mesmo, a produción agroecolóxica é máis artesanal, sen moita maquinaria mais traballos que levan moito tempo. Por outra banda, o modelo industrial implica vender a distribuidoras (dependente das súas dinámicas de produción e mercados), estás perdendo moito economicamente, vemos moito risco*”. Así, a agroecoloxía, racha coa natureza do monocultivo dos sistemas agrícolas industriais a través da diversificación, promovendo procesos ecolóxicos como a reciclaxe óptima de nutrientes, a acumulación de materia orgánica, a activación biolóxica do solo, os fluxos pechados de enerxía, así como a conservación da auga e o solo. Seguindo a Nicholls (2017), mediante a promoción da

biodiversidade funcional, lógrase o fortalecemento das funcións ecolóxicas do agroecosistema, o que permite eliminar gradualmente os insumos e apoiarse en procesos ecolóxicos e interaccións claves do agroecosistema. Por outra banda, e como comenta Burbullas de Sol, esta diversificación promove á súa vez unha sustentabilidade real, posibilitando que as prácticas agroecolóxicas sexan participativas e orientadas ó ben común, implicando procesos directos entre as persoas labregas e as consumidoras a escala local.

En canto ós procesos directos e a escala local, Amarelante comenta que *“todo o que se produce nun lugar debería ter unha repercusión social e económica alí onde se produce, xa non por unha cuestión de loxística, senón tamén por unha cuestión social e económica, se a min un territorio me aporta unha rendibilidade para sustentarme o lóxico é que este proxecto lle devolva de calquera maneira algo a esa sociedade e territorio”*. Nesta liña, os diferentes casos de estudo nacen coa vontade de dinamizar a comunidade, a conservación e a loita contra o abandono e o avellentamento do rural, por elo inciden na necesidade de xerar iniciativas locais a pequena escala por e para a xente que vive no rural. Observamos representada a dimensión endóxena que defende a agroecoloxía, unha dimensión que racha coas lóxicas de produción do sistema capitalista global, escapando dos macro mercados e localizando a produción a través dos canles curtos de comercialización, incidindo directamente no aumento dos ingresos das persoas agriculturas ó non ter perdas económicas a través de empresas intermediarias. Así mesmo, os canles curtos de comercialización, ademais de promover sistemas agrarios máis sustentables e contribuír ó desenvolvemento económico local, reducen o emprego de combustibles fósiles e, permiten un mellor acceso á información e unha comunicación máis directa entre as persoas consumidoras e as produtoras.

Burbullas de Sol comenta neste sentido, *“na venta directa como base da agroecoloxía, a relación coas consumidoras é moi importante, poño cultivo para tal persoa porque sabes que lle gusta, personalizar a produción é moi importante, tes un horta que á vez é a súa horta. A venta directa aporta información, o feedback é moi importante por temas de saúde e gustos, ó final é algo personalizado, porque o bonito é coñecerse, e os mercados aportan un encontro coas consumidoras e coas compañeiras, e é algo esencial nun proxecto*

agroecolóxico, para coñecer cales son as necesidades das persoas consumidoras”. Como se traslada, as persoas consumidoras son unha peza clave no proceso de definición e apoio ó modelo agroecolóxico, a través delas coñécense as necesidades das mesmas, posibilitando a cobertura das necesidades latentes a través da comunicación que ofrece a venta directa, rachando así coa lóxica de acumulación do sistema capitalista e producindo só aquilo que se precisa.

Para Burbullas de Sol os canles curtos de comercialización fomentan ademais o *“respecto entre diferentes entidades, algo que non existe na produción industrial, establecéndose prezos fixos e non pisándose as zonas de venta”*. Isto posibilita o rachar coa competitividade entre as persoas produtoras promovidas polas lóxicas de acumulación, contrastando directamente coas lóxicas labregas de apoio mutuo e cooperación.

Nesta liña, Burbullas de Sol comenta que o establecemento de redes permite, *“apoiar, compartir aprendizaxes, estás aí para todo, no inicio foi fundamental. Hai moita colaboración entre as persoas produtoras, partillando produtos, complementando e sacando produtos adiante, en contraposición á produción industrial”*. Observamos que o apoio mutuo foi e segue a ser, a estratexia de xestión comunitaria dos recursos como alternativa ós mercados ou á intervención pública. Así, facendo alusión á dimensión sociopolítica da agroecoloxía, semella preciso sinalar a importancia do establecemento de redes de apoio á hora de rachar coas lóxicas individualistas do sistema capitalista, recalcando todos os casos de estudo analizados a importancia das redes de apoio para o seu sostemento.

Ribeiregas suma que *“nos mercados que participamos facemos como unha simbiose co resto das compañeiras do mercado e xeramos unha rede moi chula, elas son produtoras de horta, entón o sobranche que elas teñen no mercado, nos o elaboramos (e facemos conservas de tomate... así nada se perde. Incluso están, aproveitando cousas que antes non aproveitaban como por exemplo, facendo zume para poder vender o resto do ano no mercado, así, en épocas que non teñen igual tanta produción e iso é dun valor engadido... Entón, a verdade é que é unha simbiose moi chula”*. A través da aportación de Ribeiregas, observamos como, unha vez máis, as encargadas do sostemento da sustentabilidade da vida

a través da xeración de redes de coidados son as persoas do espectro feminino, aquelas que ademais de ser as principais actoras na produción de alimentos agroecolóxicos e na venta a través de canles curtos de comercialización, se apoian e comparten coñecementos e prácticas establecendo simbioses para que si se avanza, sexa en común, en interdependencia.

E esa interdependencia sostense a través dos coidados en rede, Ribeiregas comenta nesta liña que *“unha pasa por etapas vitais nas que moitas veces o emocional prioriza o produtivo. E a verdade é que moitas veces hai cousas que son máis emocionais que de xestión organizativa. Para min ten que ver tamén coa profundidade dos vínculos, que vivimos aí nunha época na que todo é moi efémero, e unha cousa que nos deu a montaña é profundidade dos vínculos, que cando algo se torce non tirar para outra lado, nin cambiar de historia, senón que co que hai, co bo e co malo, seguir aí profundando”*. Así, eran e seguen a ser as redes informais as que sosteñen a vida, e como dixemos, as persoas do espectro feminino son as principais protagonistas, pois son as que desenvolven as tarefas do común, as que cultivan e afondan nos lazos de veciñanza, as que fan da relación un xeito de estar no mundo, alimentando rutinas compartidas, graos de proximidades e de reciprocidades, dándolle sentido ó colectivo.

“É moi interesante, fas algo para a comunidade e sempre ven de retorno, non? se che fai falta unha man sempre podes contar con esas persoas. A min paréceme moi importante”. Burbullas de Sol, apela directamente a como a interdependencia se resolve en común, nesta liña, recorremos a Bookchin (1999) para recuperar a idea do mutualismo á hora do establecemento de comunidades libres, baseadas na ecoloxía social, onde o compartir e o apoiarse na rede, posibilita unha menor dependencia do sistema capitalista. Sobre elo comenta Monfero Di Non, *“aquí no rural é moi sinxelo vivir tranquilamente, aínda sen servizos e sen transporte, pero ti podes cultivar, podes coller leña e quentar a casa e as cociñas, están as redes da xente, unhe che trae patacas, outre ovos, e todo isto vai en contra do capital, a autosuficiencia, e entón isto é como unha puñalada para o sistema”*. Coas ideas de autosuficiencia e autonomía con respecto ó sistema capitalista, recorremos a Carlos Taibo (2012), para citar a autoxestión como ferramenta para crear comunidades e espazos de autonomía nos que xerar e desenvolver dinámicas alternativas ás que nos impón

o sistema, nesta liña, observamos como o establecemento de redes e a autoxestión exposta polos diferentes casos de estudo, son ferramentas dinámicas para a creación de comunidades rurais máis libres fronte ó conflito capital – vida.

Seguindo esta liña, en canto ás ferramentas que xorden en torno ó conflito capital – vida, como é o caso dos macroproxectos eólicos, Monfero Di Non comenta que *“unha das cousas positivas que saco disto, é a unión que creou da veciñanza, a xente conectou, apoiase, coidase e quérese. Apoiámonos porque estamos na mesma, podemos ser moi diferentes, mais foi o conflito o que nos uniu, vernos vítimas do mesmo. Unha unión, unha rede que é super bonita, de repente tes máis familia, mais amigas. Apoíarnos unhas a outras, se nos chaman dun sitio que van as máquinas alá vamos todas, e viceversa”*. Recuperando os procesos de resistencia contra a repoboación forestal da década dos 60 no territorio galego, volve a aparecer o protagonismo das persoas do espectro feminino na defensa da terra. Así, escapando do esencialismo, a defensa e as estratexias de resistencia están intimamente ligadas ó rol social de reprodución do doméstico e da comunidade, mais analizar isto sen sentenciar, posibilita entender que as persoas do espectro feminino preséntanse como voz da sustentabilidade da vida contra ó modelo produtivista que pretende imporse atacando á comunidade, ó territorio e á vida.

Nesta liña, a labor pedagóxica, ligada de novo ó espectro feminino, convértese en ferramenta contra o conflito capital – vida, *“optas pola vía social e educativa para chegar a outras persoas que non chegarían doutro xeito, só pola chave social. É pedagogía para que a xente se conciencie do consumo local e de saír do círculo, da importancia dos pequenos proxectos locais que fan vivo ó rural”* (Burbullas de Sol). Dende a pedagogía, todos e cada un dos casos de estudo, desenvolven a súa praxes, a través da democratización da educación dende formacións para a comunidade, actividades en centros de ensinanza ou unidades didácticas, recalcando a importancia do contradiscurso para así combater ó conflito capital – vida.

5.5 LIÑAS FUTURAS

A través da análise dos diferentes casos de estudo en torno ó conflito capital – vida, parecemos relevante partir dunha premisa: a corrente ecolóxica e ecotransfeminista son

imprescindibles para dar resposta ó conflito capital – vida en canto á xestión do territorio, dos recursos e da comunidade; xa que ambas son precisas por colocar como dimensión central a sustentabilidade da vida.

Tralo exceso dos límites planetarios, o decrecemento da dimensión material do capitalismo é vital e urxente, precísase reducir en picado a extracción de recursos naturais, así como rachar coa ocupación dos territorios subalternos ós que se extraen ditos recursos. É ó mesmo tempo que se decrece material e economicamente é preciso que a sustentabilidade da vida sexa transversal neste cambio de paradigma, recuperando e readaptando as lóxicas de subsistencia e labregas, revitalizando a vida rural, promovendo circuítos curtos de comercialización, reformulando necesidades materiais e inmateriais en termos de eco e interdependencia e establecendo criterios radicais da repartición dos recursos en equidade.

Nesta sentido, identificamos certas liñas de acción para dar resposta ó conflito capital – vida no rural galego:

Desinversión na Agricultura Industrial: Unha estratexia radical podería ser desinverter gradualmente na agricultura industrial a gran escala e na agroindustria. Isto implica reducir os subsidios ás grandes explotacións agrícolas e promover políticas que desincentiven o monocultivo e o uso intensivo de agroquímicos. Para así redirixir o apoio financeiro cara á agricultura familiar e a agroecoloxía.

Soberanía Alimentaria: Avogar pola soberanía alimentaria, o que significa que as comunidades rurais teñan o control sobre a produción e distribución de alimentos na súa rexión. Isto podería incluír a creación de sistemas de distribución locais e rexionais que reduzan a dependencia das grandes corporacións alimentarias. Así mesmo, por o foco na soberanía alimentaria, implica que directamente sexan as persoas do espectro feminino as que interveñan no desenvolvemento da mesma.

Reforma Agraria Radical: Instaurar unha reforma agraria radical que redistribúa a terra de maneira equitativa e garanta o acceso á terra para as comunidades rurais e as persoas do espectro feminino e identidades non binarias. Isto podería incluír a expropiación de terras

improdutivas ou especulativas en mans de grandes propietarios e a súa redistribución a pequenos agricultores e agricultoras.

Desenvolvemento de Cooperativas Autónomas: Fomentar a creación de cooperativas agrícolas autónomas e xestionadas democraticamente. Estas cooperativas poderían asumir a propiedade e xestión da terra, a produción e a comercialización de alimentos, reducindo así a influencia do capital externo.

Acción Directa e Mobilización Popular: Promover a acción directa e a mobilización popular en defensa da terra e a vida rural. Isto podería incluír protestas, ocupacións de terras improdutivas e campañas de boicot a empresas que explotan a contorna rural.

Educación Popular e Concientización: Fomentar a educación popular e a concienciación sobre os problemas ambientais e sociais asociados co conflito capital - vida. Isto podería incluír a creación de escolas rurais enfocadas na agroecoloxía, a sustentabilidade e os estudos de xénero.

Visibilizar e transversalizar os coidados: Non se trata de exaltar o asumido como feminino nin de continuar encadrando ás persoas do espectro feminino no rol imposto de coidadoras, senón de visibilizar e transversalizar esas calidades humanas desenvolvidas dende os roles sociais secundarios aos que foron relegadas para emerxelas sistematicamente en toda a estrutura social.

Liderado e participación de persoas de espectro feminino e identidades non binarias.

Apoio Internacional á Agricultura Sostible: Buscar apoio internacional e solidariedade con movementos similares en todo o mundo. A loita contra o capitalismo depredador no ámbito agrícola é global, e a colaboración internacional pode fortalecer a posición das comunidades rurais galegas.

Desenvolvemento de Alternativas Económicas Locais: Promover o desenvolvemento de alternativas económicas como a produción de alimentos agroecolóxicos de calidade e a artesanía local. Isto pode diversificar as fontes de ingresos rurais e reducir a dependencia do capital externo.

En resumo, un enfoque radical para abordar o conflito entre o capital e a vida no rural galego implica desafiar e transformar profundamente o sistema económico e social existente, priorizando a ética do coidado transversal social e ambientalmente a través dos feminismos, a agroecoloxía, a redistribución da terra e a acción popular; en busca da autonomía das comunidades rurais fronte a influencia das grandes corporacións na vida rural.

6. CONCLUSIONES

O obxectivo principal do presente traballo foi o de presentar a realidade diversa do rural galego, a través de seis estudos de caso que desenvolven estratexias e accións singulares para combater o conflito capital – vida. Para elo, os casos de estudo foron identificados, entrevistados e analizados en base a varias premisas, que se conformasen como CMVMC, proxectos agroecolóxico ou, activismo pola defensa da terra. Así mesmo, outra da premisa a ter en conta foi que as persoas entrevistadas fosen do espectro feminino ou identidade non binaria.

En base a estas premisas e a análise realizada resaltamos as conclusións máis relevantes para dito estudo:

A dispersión territorial dos diferentes casos de estudo é un reflexo da realidade do rural galego, unha Galiza baleirada e avellentada contra a que atenta o conflito capital – vida, facéndose palpable a necesidade de proxectos e resistencias por todo o territorio galego. En canto ó acceso á propiedade, os seis casos de estudo son unha clara mostra de que existen outras formas de xestión, como a cesión, a ocupación ou a xestión pública dos recursos, máis contrastando cos datos que confirman a expansión de terras acaparadas polas grandes empresas da agroindustria ou da extracción enerxética, avaladas polas políticas públicas e os Estados, quedando latente dúas das materializacións do conflito capital – vida na Galiza.

Así, o extractivismo enerxético e os monocultivos industriais, espolian os recursos do pobo galego, en aras dun capitalismo verde que recorre ó neocolonialismo para atentar contra as nocións de ecoddependencia e interdependencia. Observando como a dimensión ecolóxica, económica, comunitaria e social das comunidades rurais están desenvolvéndose en termos

de vulnerabilidade e precariedade, así, a sustentabilidade da vida aparece en risco fronte a acumulación de capital.

Nesta liña, o papel das persoas do espectro feminino segue a ser determinante na sustentabilidade da vida, recaendo aínda nas súas costas o rol de coidados, coidado da terra e da comunidade. Mais dito rol, precisa reconfigurarse e redireccionarse independentemente do sexo e xénero, atravesando a vida cotiá, a comunidade e a organización sociopolítica. Xa que, aínda que a sustentabilidade da vida siga en mans das persoas do espectro feminino, isto non significa que exista un recoñecemento e visibilidade, como trasladan os seis casos de estudo e os datos, as persoas do espectro feminino, seguen sen compartir a titularidade da terra e das propiedades, seguen a estar na retraguardia do activismo e dos proxectos, e seguen a ser unhas das persoas máis precarias ante o embuste do conflito capital – vida. Nesta liña, recalcar a non presenza de identidades non binarias nos casos de estudo analizados, amosando un grao superior de vulnerabilidade.

Para concluír, e bebendo das estratexias e ferramentas aportadas dos seis casos de estudo, a idea é sinxela, a lóxica desbocada do crecemento infinito pertence a un sistema obsoleto, destrutor, profundamente patriarcal, colonial e capitalista; debemos rachar con ditas lóxicas e substituílas pola sustentabilidade e a resiliencia multidimensional. Entre ensinanzas e desaprendizaxes é preciso xerar un mundo onde re(existir) dende un recoñecemento des outres, dende un desexo de re(encontro) co común, co rural e coa natureza. Xa que dada a nosa esencia radicalmente eco e interdependente, só podemos existir en rede, en comunidade, en rizoma. Debido a iso, é preciso apostar pola agroecoloxía como sistema de deseño e modelo de resiliencia, rescatar o apoio mutuo da tradición rural e reconfigurar os coidados dende os feminismos. Trátase de grelar o rizoma dende a horizontalidade e a autoxestión, trátase de crear unha cultura sostible e de resistencia, unha base para unha organización política constante e continuada, un ecosistema de intensidades vibrantes, sobre a premisa básica de negarse a separar a vida dos coidados e a sustentabilidade.

REFERENCIAS

- AGACA. (2023). *Memoria de Actividades*. Recuperado de https://agaca.coop/wp-content/uploads/2023/06/MEMORIA_2022_ONLINE.pdf
- Andrés, R. W. C. (2020). *Defender Los territorios Frente Al Despojo Luchas socioambientales y disputa de proyectos de sociedad en México*. Universidad Autónoma Metropolitana, Unidad Xochimilco.
- Altieri MA, Nicholls CI, Vazquez L. 2017. Agroecología: Principios para la conversión y el rediseño de sistemas agrícolas. *Agroecología*, 10(1), 61–72. Recuperado de <https://revistas.um.es/agroecologia/article/view/300741>
- Álvarez, I. y Calle, A. (2020). Agroecología en 3C: afrontando pandemias globales. En P. Rabasco (Ed.), *Ciudad y Resiliencia*. AKAL.
- Anzaldúa, G. (1987). *Bordenlands/La frontera: The new mestiza*. San Francisco: Spitters/Aunt Lute.
- Balsa, J. y Hermosilla, T. (2013). *Socio-geographic analysis of wildland of the 2006's wildfires in Galicia (Spain)*. *Forest Systems* 22 (3). 99-114.
- Barros, L. (2019). Montes veciñais, mulleres e un ecofeminismo posible. En Proxecto Batefogo (coord.), *Árbores que non arden*. Catro ventos.
- Barros, L. y Sánchez, A. (2018). *Territorios en común. Casas con fume, montes sen lume*. A Coruña: Asociación Frouma.
- Boquete, E. R., Vidal, R. A., y Cejudo, A. C. (1999). *Pensamento Forestal no século XX*. Consellería de Agricultura, Ganadería e Política Agroalimentaria.
- Braidotti, R., y Vitale, C. (2015). *Lo Posthumano*. Gedisa.
- Briones, A. N., y París, A. L. (2023). *O cento voando: Amores, alianzas e non-monogamias*. Xerais.

- Brown, P.H., y E. Bassil. (2011). Overview of the acquisition and utilization of boron, chlorine, copper, manganese, molybdenum, and nickel by plants and prospects for improvement of micronutrient use efficiency. En Hawkesford M.J. y Barraclough P.B., (Ed.), *The molecular and physiological basis of nutrient use efficiency in crops* (pp. 377-429).
- Bookchin, M. (1999). *La Ecología de la Libertad*. Madrid. Nosa y Jara Editores.
- Bouhier, A. (2001). *Galiza. Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Traducido del francés por Benxamín Casal.
- Butler, J. (2009). *Marcos de guerra. Las vidas lloradas*. Buenos Aires: Paidós.
- Cavana, M. L., Puleo, A. H., y Segura, C. (2004). *Mujeres y ecología: Historia, Pensamiento, Sociedad*. Asociación Cultural Al-Mudayna.
- Conde, F. (2010). *Análisis Sociológico del Sistema de Discursos*. Centro de Investigaciones Sociológicas.
- Composto, C. (2014). *Territorios en disputa Despojo Capitalista, luchas en Defensa de los Bienes Comunes Naturales y Alternativas Emancipatorias Para América latina*. Bajo Tierra Ed.
- Corbelle, R. E. J. y Tubío, S. J. M. (2018). *Productivismo y abandon: dos caras de la transición forestal en Galicia (España), 1966-2009*. Bosque (Valdivia) 39 (3), 457 – 467.
- Cristin, C. B. M. (2014). *Con Voz Propia: La Economía Feminista como apuesta teórica y política*. La Oveja Roja.
- Esteva, G. (1996). *Diccionario del desarrollo. Una guía del conocimiento como poder*. PRATEC.
- FAO. (2017). *Sustainable Agriculture for Biodiversity – Biodiversity for Sustainable Agriculture*. Rome.

- Federici, S., Hendel, V., y Sebastián, T. L. (2022). *Calibán y la Bruja: Mujeres, cuerpo y acumulación primitiva*. Traficantes de sueños.
- Gallar, D. & Matarán, A. (2015). La construcción social de la ruralidad: coevolución, sustentabilidad y patrimonialización. En J. Castillo (Ed.), *El patrimonio agrario. La construcción cultural del territorio a través de la actividad agraria*. UNIA.
- Gómez Sal, A. (1995). Los conceptos de sistema agrario. Una referencia para la agricultura ecológica. *Prácticas ecológicas para una agricultura de calidad*. Consejería de Agricultura y Medio Ambiente. Toledo: 590-597.
- Gómez Sal, A., González García, A. (2007). A comprehensive assessment of multifunctional agricultural land-use systems in Spain using a multi-dimensional evaluative model. *Agriculture, Ecosystems and Environment*, 120, 2007, pp. 82-91.
- Gómez Sal, A. (2012). *Agroecosistemas, Evaluación de los tipos operativos de ecosistemas*. Capítulo, 17. Recuperado de <http://www.ecomilenio.es/informe-de-resultados-eme/1760>
- Gómez, P. A. (2000). Agricultura orgánica: una alternativa posible. Programa de agroecología, documentos CEUTA. En Domínguez, A., y Prieto, G., R., (coords), *Perfil ambiental del Uruguay NORDAN* (pp. 14-30). Montevideo, Uruguay.
- Guzmán, C. G., González de Molina, N. M., y Sevilla Guzmán, E. (2000). *Introducción a la agroecología como desarrollo rural sostenible*. Icaria.
- Haraway, D. (1988). *Situated Knowledges: The science question in feminism and the privilege of partial perspective*. *Feminist Studies*, 14 (3), 575-599. Recuperado de <https://philpapers.org/archive/harskt.pdf>
- Haraway, D. J. (1995). *Ciencia, cyborgs y mujeres: La reinención de la naturaleza*. Cátedra.
- Haraway, D. J., y Sbarbati, H. T. (2020). *Seguir con el problema: Generar Parentesco en Chthuluceno*. Consonni.

- Herrero, Y. (2018). *Miradas ecofeministas para revertir la guerra contra la vida*. Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=Zg2eEs5sIhI>
- Herrero, Y., y Gago, V. (2023). *Ecofeminismos: La Sostenibilidad de la Vida*. Icaria.
- Hibbard, K. A., Crutzen, P. J., Lambin, E. F., Liverman, D., Mantua, N. J., McNeill, J. R., Steffen, W. (2006). Decadal interactions of humans and the environment. R. En Costanza, L. Graumlich, y W. Steffen (Eds.), *Integrated history and future of people on earth* (pp.341–375). Dahlem workshop report 96. Boston, MA: MIT Press.
- IDEGA. (2013). La política forestal gallega en los montes vecinales en man común. Ambienta. Recuperado de https://drive.google.com/file/d/1c3xKBdvYmbhkNs_aeuXPojGEzyRCPjm-/view
- INE. (2023). *Resultados estructurales nacionales, por comunidades autónomas, provincias y comarcas*. Recuperado de <https://www.ine.es/dynt3/inebase/es/index.htm?padre=8369&capsel=8303>
- Inventario Forestal Continuo de Galiza. (2023). Superficie por especies no monte galego. Recuperado de <https://www.campogalego.gal/wp-content/uploads/2023/06/Taboas-datos-Inventario-Forestal-Continuo.pdf>
- Kropotkin, P. (1915). *Mutual aid: a factor of evolution*. London: Kessinger Publishing.
- Lois Gonzáles, R. (2014): “A estrutura territorial de Galicia (e as cidades subxacentes?)”. En Colectivo Aun (eds.), *Cidades subxacentes*. Ría de Arousa: policentrismos urbanos en Galicia. Colectivo Aun: Ourense, 16- 23.
- Naredo, J. M. (2006). *Raíces económicas del deterioro ecológico y social: Más Allá de Los Dogmas*. Siglo XXI.
- Norgaard, R.B. (1994). *Development Betrayed: The End of Progress and a Coevolutionary Revisioning of the Future*. Routledge.
- Manin, B., y Oña, F. V. (2017). *Los Principios del Gobierno Representativo*. Alianza.

- Martínez, C. E. (2017). Territorio Eucalipto. En Quiroga, F., Olmedo, A. y Dopazo, L. (eds.), *A través das marxes. Entrelazando feminismos, ruralidades e comúns*. Santiago de Compostela: Bartlebooth, 36 – 54.
- Méndez, L. (1988). “*Cousas de mulleres*” *Campesinas, poder y Vida Cotidiana (Lugo, 1940 - 1980)*. Anthropos.
- Mies, M., & Shiva, V. (2014). *Ecofeminismo: Teoría, crítica y perspectivas*. Icaria.
- MSSSI. (2015). Plan para la Promoción de las Mujeres del medio rural. Recuperado de https://www.inmujeres.gob.es/actualidad/NovedadesNuevas/docs/2015/PlanMujeresMediorural2015_2018.pdf
- OEGA. (2021). *Parques Eólicos en red natura*. Recuperado de <https://observatorio.eolico.uvigo.es/2021/05/24/parques-eolicos-en-red-natura/?lang=es>
- Ostrom, E. (1990). *Governing the commons: the evolution of institutions for collective action*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Oswald, S. U. (2008). *Gender and Disasters. Human, Gender and Environmental Security: A HUGE Challenge, Intersection no.8/2008*. UNU-EHS, Bonn.
- Ploeg, J. D. V. (2000). *Revitalising agriculture: farming economically as starting ground for rural development*. Sociologia Ruralis.
- Picchio, A. (2006). *Economía del cuidado*. Asociación Cultural “Economía Crítica”.
- Preciado, P.B. (2018). *Lettre d’un homme trans à l “ancien régime sexuel”*. *Libération*. Recuperado de www.liberation.fr/debats/2018/01/16/lettre-d-un-homme-trans-a-l-ancien-regime-sexuel_1622879
- Puleo, A. H. (2005). *Los dualismos opresivos y la Educación Ambiental*. *Isegoría*, 0 (32), 201–214. Recuperado de <https://doi.org/10.3989/isegoria.2005.i32.444>
- Sampieri, H. R., Fernández-Collado, C., y Lucio, B. P. (2008). *Metodología de la investigación*. McGraw-Hill.

- SEO/BirdLife. (2023). *RenovablesResponsables*. Recuperado de https://seo.org/renovablesresponsables/?gclid=CjwKCAjw6p-oBhAYEiwAgg2PglPL1cMnmidp5ZtYCYJ4QMn6F8hyKG8PsOSkzhUycpuhRj-Uh3ExEfxoCaHsQAvD_BwE
- Shiva, V. (1988). *Staying Alive: Women, Ecology and Survival in India*. London: Zed Books.
- Shiva, V. (2014). El empobrecimiento el medio ambiente: las mujeres y los niños, los últimos. En V.Shiva, y M. Mies, *Ecofemismo: teoría, práctica y perspectivas* (pp. 141- 170). Barcelona: Icara.
- Taibo, C. (2012). *Por la autogestión y la desmercantilización*. Blog nuevo DESorden. Recuperado de <https://www.economiasolidaria.org/noticias/por-la-autogestion-y-la-desmercantilizacion-carlos-taibo>
- Toledo, V. M. (2011). El metabolismo social una nueva teoría socioecológica. *Relaciones Estudios de Historia y Sociedad*, 32(127). Recuperado de <https://doi.org/10.24901/rehs.v32i127>
- Torres, D. J. (2017). *Pornoterrorismo*. Txalaparta.
- Valles, J. M., y Puig, S. M. (2008). *Ciencia política Una introducción*. Editorial Ariel.
- Vasallo, B. (2023). Ler a Butler dende Chandrexa de Queixa. En Nunes, A. y Lema, A. (coords.). *O cento Voando*. Xerais.
- Vega, A. (2006). *Sobre la ciudadanía social, o nuevas formas de enlazar el trabajo, los derechos y el cuidado*. X Jornadas de Economía Crítica. Recuperado de <http://www.ucm.es/info/ec/jec10/index.htm>

ANEXOS

ANEXO I: GUIÓNS DAS ENTREVISTAS POR TIPOLOXÍAS DE CASO DE ESTUDO

GUIÓN DAS ENTREVISTAS: PROXECTOS AGROECOLÓXICOS

- ❖ Quen forma parte do proxecto?
- ❖ Que motivou o inicio do proxecto?
- ❖ Como foi o inicio?: Formación do grupo? Financiación? Dificultades?
- ❖ Organización do traballo?: Como vos organizades internamente? Funcións e tarefas de cada persoa? Como se decidiron esas funcións? A que criterios atenden? Toma de decisións?
- ❖ Presenza e funcións de persoas do espectro feminino e identidades non binarias no proxecto e problemáticas / dificultades das mesmas
- ❖ Actividades realizadas?
- ❖ Evolución das actividades
- ❖ Canles de comercialización dos produtos
- ❖ Problemáticas e conflitos no territorio en torno ó conflito capital - vida ás que vos enfrontades como proxecto?
- ❖ Como vos organizades ante as problemáticas en torno ó conflito capital - vida?
- ❖ Rede con outras experiencias
- ❖ Potencialidades e debilidades do proxecto ?
- ❖ Acceso á terra

GUIÓN DAS ENTREVISTAS: MCMVC

- ❖ CMVMC na que participas?
- ❖ Como é o funcionamento da CMVMC?
- ❖ Participación de persoas do espectro feminino e identidades non binarias nas CMVMC?
- ❖ Funcións que ocupan?
- ❖ Toma de decisións?

- ❖ Problemáticas e conflitos no territorio en torno ó conflito capital - vida ás que vos enfrentades como CMVMC? Estratexias que se estean a desenvolver dende as CMVMC para combatelos?
- ❖ Tipoloxía das actividades e xestión do monte da CMVMC?
- ❖ Evolución da tipoloxía das actividades e xestión do monte?: Existiu un proceso no que se perderon prácticas endóxeas e multifuncionais en aras de prácticas industrializadas? Isto está mudando?
- ❖ Como as CMVMC habitan a fenda público – privado? Potencialidades?
- ❖ Como inflúen as políticas forestais e estatais na limitación do autogoberno das CMVMC?
- ❖ Potencialidades e debilidades das CMVMC?

GUIÓN DAS ENTREVISTAS: ACTIVISMO POLA DEFENSA DA TERRA

- ❖ Como xorde o movemento, e cales son os seus obxectivos?
- ❖ Participas nalgunha plataforma/ asociación máis na defensa da terra? Cal é? Podes explicar un pouco os seus obxectivos?
- ❖ Porqué cres que xorde o movemento na defensa da terra? A que dá resposta? Dende cando se activa?
- ❖ Problemáticas e conflitos no territorio en torno ó conflito capital - vida ás que vos enfrentades? Estratexias que se estean a desenvolver para combatelos?
- ❖ Tipoloxía das actividades?
- ❖ Poderías explicar a evolución na xestión do monte (en canto ó aumento dos proxectos industriais), a que cres que se debe?
- ❖ Como están a influír as políticas forestais e estatais en todo este proceso?
- ❖ Como reproduce todo isto o conflito capital – vida?
- ❖ Como afecta o conflito capital - vida á habitabilidade no rural? E a supervivencia do mesmo?
- ❖ Cal é a participación e o papel de persoas do espectro feminino e identidades non binarias?
- ❖ Porqué cres que a defensa da terra está ligada coa “identidade” muller? E que implica iso?
- ❖ Potencialidades e debilidades do movemento?

ANEXO II: CONSENTIMIENTO PARA O TRATAMIENTO DE DATOS

FOLLA DE INFORMACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ENTREVISTAS

Esta entrevista forma parte do traballo fin de Mestrado de “Agroecoloxía: un enfoque para la sustentabilidad rural”, cuxo obxectivo é o de presentar a realidade diversa do rural galego, a través de estratexias e accións singulares que combaten ó conflito capital – vida, focalizando a atención nas CMVMC e en proxectos agroecolóxicos que son desenvolvidos por persoas lidas como mulleres e identidades non binarias, intentando contribuír así á construción dun novo diagnóstico da situación.. O traballo presenta varios obxectivos específicos ós que pretende dar resposta coa elaboración de dita entrevista, estes son:

1. Identificar, caracterizar e analizar estratexias multifuncionais que están sendo desenvolvidas na práctica, tanto en CMVMC como en proxectos agroecolóxicos.
2. Describir e analizar o perfil e papel das persoas e comunidades actoras que forman parte de formas de xestión que combaten ó conflito capital – vida en clave de xénero.
3. Analizar como se materializa o conflito capital – vida na xestión e dinamización do rural galego, a través das CMVMC e de proxectos agroecolóxicos.
4. Visibilizar as debilidades que atravesan ditas estratexias así como as potencialidades das mesma como alternativa ó conflito capital – vida.

Dito traballo é realizado por Almudena Fuente Blanco, alumna do Mestrado de Agroecoloxía: un enfoque para la sustentabilidad rural de la Universidad Internacional de Andalucía, coa que se pode contactar a través do correo almu.fb@gmail.com.

Debe saber que a súa participación na entrevista é voluntaria e é libre de retirarse en calquera momento do proceso. Informamos de que gravaremos as entrevistas, xa que non queremos perdernos ningún comentario ou dato relevante.

Tomaremos poucos datos persoais, entre eles, o nome e datos de contacto por si se precisase contactar para algunha aclaración ou información complementaria e para a difusión dos resultados, mais no corpo do traballo non haberá ningún nome adxunto de maneira que a confidencialidade e a privacidade dos seus datos están aseguradas.

Os seus datos persoais non aparecerán en ningunha circunstancia en ningún resultado dos análises da entrevista e ninguén externo ó presente traballo poderá relacionar as súas respostas. O seus datos non serán cedidos a terceiras persoas en ningunha circunstancia.

En calquera caso, o tratamento de datos persoais e das gravacións realizadas nas entrevistas seguirán as normas e leis españolas e europeas de protección de datos persoais e a garantía de dereitos dixitais vixentes en todo momento. Segundo estas, ten dereito a acceder, modificar ou retirar os datos persoais en calquera momento. Para facelo, deberá comunicarse coa persoa responsable do estudo, cuxos datos aparecen no presente documento.

Agradecemos a súa colaboración xa que é fundamental para acadar os obxectivos do traballo. O emprego dos datos será académico, así como de gran axuda para o fortalecemento das estratexias que combaten contra o conflito capital-vida no territorio galego.

MOITAS GRAZAS POLA COLABORACIÓN!

FORMULARIO DE CONSENTIMIENTO INFORMADO E DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA PARTICIPAR NA ENTREVISTA

Ao asinar este documento, declara expresamente que acepta voluntariamente participar nas entrevistas que forman parte do traballo de fin de Mestrado Agroecoloxía: un enfoque para a sustentabilidade rural, e que entende que pode retirarse do estudo en calquera momento sen necesidade de dar explicacións e sen que isto supoña ningún dano.

Así mesmo, declara que presta o seu consentimento expreso para o tratamento, de acordo coa lexislación vixente, dos datos por vostede facilitados.

CONSENTIMIENTO DE TRATAMIENTO DE DATOS									
<p>Marcando as seguintes casillas EXPRESO que me considero suficientemente informado/a en relación co tratamento dos meus datos e AUTORIZO ao equipo de investigación a:</p>									
<p>- que trate os meus datos para o estudo de investigación no que participo.</p>	<table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 100%;"> <tr> <td style="width: 50%; text-align: center; padding: 5px;">Si</td> <td style="width: 50%; text-align: center; padding: 5px;">Non</td> </tr> </table>	Si	Non						
Si	Non								
<p>- que contacte comigo por correo electrónico ou calquera outro medio (teléfono, apps de mensaxería, sms...) en caso de necesitar información adicional para o presente estudio.</p>	<table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 100%;"> <tr> <td style="width: 50%; text-align: center; padding: 5px;">Si</td> <td style="width: 50%; text-align: center; padding: 5px;">Non</td> </tr> </table>	Si	Non						
Si	Non								
<p>- que me envíe, por correo electrónico ou calquera outro medio (teléfono, apps de mensaxería, sms...) os resultados do estudo no que estou colaborando.</p>	<table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 100%;"> <tr> <td style="width: 50%; text-align: center; padding: 5px;">Si</td> <td style="width: 50%; text-align: center; padding: 5px;">Non</td> </tr> </table>	Si	Non						
Si	Non								
<p>- que contacte comigo por correo electrónico ou calquera outro medio (teléfono, apps de mensaxería, sms...) para novas colaboracións.</p>	<table border="1" style="border-collapse: collapse; width: 100%;"> <tr> <td style="width: 50%; text-align: center; padding: 5px;">Si</td> <td style="width: 50%; text-align: center; padding: 5px;">Non</td> </tr> </table>	Si	Non						
Si	Non								
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 25%; padding: 5px;"><i>Apelidos</i></td> <td style="width: 25%;"></td> <td style="width: 25%; padding: 5px;"><i>Nome</i></td> <td style="width: 25%;"></td> </tr> <tr> <td style="padding: 5px;"><i>Teléfono</i></td> <td></td> <td style="padding: 5px;"><i>Correo electrónico</i></td> <td></td> </tr> </table>		<i>Apelidos</i>		<i>Nome</i>		<i>Teléfono</i>		<i>Correo electrónico</i>	
<i>Apelidos</i>		<i>Nome</i>							
<i>Teléfono</i>		<i>Correo electrónico</i>							
<p>En _____, a _____ de _____ do 2023.</p>									
<p>Firma:</p>									
<p>Persoa Responsable: Almudena Fiunte Blanco</p>									

ANEXO III: FICHAS TÉCNICAS DE CARACTERIZACIÓN DOS DIFERENTES CASOS DE ESTUDO

Ficha técnica: CMVMC de Vincios

Nome da experiencia	CMVMC DE VINCIOS		
Tipoloxía	CMVMC		
Persoa de contacto	Non se inclúe por protección de datos		
Correo electrónico	c.montes@vincios.org		
Actividade	Produción	Distribución	Dinamización e xestión do territorio
	X	X	X
Figura xurídica	Cooperativa	Asociación	CMVMC
			X
Localización	Gondomar		
Web	https://vincios.org/gl		
Ano de creación	1984		
Persoas participantes	Nº de mulleres	Nº de homes	Nº de outras identidades
	30	95	0
Titularidade compartida	Si		
Data da entrevista	26 de Xuño de 2023		

Ficha técnica: CMVMC de Foxo de Vilar

Nome da experiencia	CMVMC de Foxo de Vilar
Tipoloxía	CMVMC
Persoa de contacto	Non se inclúe por protección de datos

Correo electrónico	Non dispoñen			
Actividade	Produción	Distribución	Dinamización e xestión do territorio	
			X	
Figura xurídica	Cooperativa	Asociación	CMVMC	Outras
			X	
Localización	Foxo de Vilar			
Web	Non dispoñen			
Ano de creación	1981			
Persoas participantes	Nº de mulleres	Nº de homes	Nº de outras identidades	
	7	5	0	
Titularidade compartida	Si			
Data da entrevista	14 de xullo de 2023			

Ficha técnica: Amarelante

Nome da experiencia	AMARELANTE			
Tipoloxía	Produción e venda de produtos, recuperación de soutos			
Persoa de contacto	Non se inclúe por protección de datos			
Correo electrónico	info@amarelante.gal			
Actividade	Produción e transformación	Distribución	Dinamización e xestión do territorio	
	X	X	X	
Figura xurídica	Cooperativa	Asociación	CMVMC	Outras

	X			
Localización	Manzaneda			
Web	https://amarelante.gal/proxecto/			
Ano de creación	2013			
Persoas participantes	Nº de mulleres	Nº de homes	Nº de outras identidades	
	4	4	0	
Titularidade compartida	Si			
Data da entrevista	19 de xuño de 2023			

Ficha técnica: Burbullas de Sol

Nome da experiencia	BURBULLAS DE SOL			
Tipoloxía	Produción e venda de produtos agroecolóxicos			
Persoa de contacto	Non se inclúe por protección de datos			
Correo electrónico	burbullasdesol@gmail.com			
Actividade	Produción	Distribución	Dinamización e xestión do territorio	
	X	X		
Figura xurídica	Cooperativa	Asociación	CMVMC	Outras
				X
Localización	Vedra, A Coruña			
Web	Non dispoñen de web			
Ano de creación	2014			
Persoas participantes	Nº de mulleres	Nº de homes	Nº de outras identidades	

	1	1	0
Titularidade compartida	Si		
Data da entrevista	22 de Xuño de 2023		

Ficha técnica: Ribeiregas

Nome da experiencia	RIBEIREGAS			
Tipoloxía	Produción e venda de produtos agroecolóxicos			
Persoa de contacto	Non se inclúe por protección de datos			
Correo electrónico	cooperativaribeiradonavia@yahoo.e_			
Actividade	Produción	Distribución	Dinamización e xestión do territorio	
	X	X		
Figura xurídica	Cooperativa	Asociación	CMVMC	Outras
	X			
Localización	Negueira de Muñiz			
Web	https://ribeiregas.wordpress.com/contacto/			
Ano de creación	2011			
Persoas participantes	Nº de mulleres	Nº de homes	Nº de outras identidades	
	2	0	0	
Titularidade compartida	Si			
Data da entrevista	14 de xullo de 2023			

Ficha técnica: Monfero Di Non

Nome da experiencia	MONFERO DI NON
Tipoloxía	Plataforma veciñal

Persoa de contacto	Non se inclúe por protección de datos			
Correo electrónico	<i>monferodinon@gmail.com</i>			
Actividade	Produción	Distribución	Dinamización e xestión do territorio	
			X	
Figura xurídica	Cooperativa	Asociación	CMVMC	Outras
				X
Localización	Monfero			
Web	https://monferodinon.wordpress.com/			
Ano de creación	2021			
Persoas participantes	Nº de mulleres	Nº de homes	Nº de outras identidades	
	*	*	*	
Titularidade compartida	Si			
Data da entrevista	29 de Xuño de 2023			

** A Plataforma Monfero Di NON conta con máis de 1700 adhesións.*